

ASUNTO PLE/2023/00050342E

**ACTA NÚM. 19 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE
TIVO LUGAR O DÍA TRINTA DE NOVEMBRO DE 2023.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:03 horas** do día **30 de novembro de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Míriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez (conectado telematicamente)
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereja Fraiz
Dona María Baleato González
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Dona Nerea Barcia Guldrís
Don Evaristo Ben Otero
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

Don Juan Ramón González Carnero, interventor municipal.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: **2023/00050342E.**

Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de outubro de 2023.

2. ALCALDÍA. Referencia: **2023/00050389T.**

Aprobación, se procede, do adiamento ao 21 de decembro de 2023 da sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

3. PLANEAMENTO. Referencia: **2023/00049495A.**

Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito da parcela EM-FE (O Espiño).

4. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: **2022/00037624G.**

Aprobación definitiva da modificación puntual (MP) do Plan parcial do SUNP-7 (O Avío).

5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023/00044754T.**

Aprobación de expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-09, de importe 424.000,00 €, e de suplemento de crédito 2023-SUPLE-07, de importe 278.217,38 €, para atender necesidades de achega municipal para o desenvolvemento de diversas actuacións enmarcadas nos programas da Deputación POS, financiado con baixas por anulación.

6. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023-REC-13.**

Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para aprobar gastos rexistrados na conta 413 e outros gastos, por importe total de 40.592,89 euros, coa codificación 2023-REC-13.

7. TESOURERÍA. Referencia: **2023/00008698D.**

Aprobación da modificación da ordenanza 1.03 Reguladora do Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.

8. XESTIÓN TRIBUTARIA. Referencia: **2023/00006168D.**

Denegación de bonificación no Imposto sobre construcións, instalacións e obras por obras de especial interese ou utilidade municipal.

9. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00030363F.**

Estimación parcial de recurso de reposición interposto por TRALUSA "Autobuses Urbanos de Lugo e Trap, SA", e aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito na liquidación pola prestación do servizo de transporte urbano colectivo de 2022.

10. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2022/00051244P.**

Levantamento de reparo e aprobación de expedientes de recoñecementos extraxudiciais de crédito polos gastos de renovación de vehículos do servizo de transporte urbano colectivo.

11. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a retirada do radar de Conxo.

12. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a elaboración

dunha axenda deportiva de divulgación de todas as actividades do deporte que se celebren en Santiago.

13. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á creación dunha bolsa de aparcamento en superficie en Xoán XXIII.

14. Tomar coñecemento de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

15. Comparecencia do concelleiro delegado de urbanismo.

16. Solicitude presentada polo grupo municipal do PP de comparecencia da Alcaldesa.

17. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

- 1.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ao mantemento e limpeza das zonas verdes na rúa Manuel Beiras.
- 2.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo á substitución do panel das lavandeiras sito na rúa Galeras.
- 3.- Formulado polo PSdeG-PSOE para que se realice un mantemento periódico de limpeza e desbroce da contorna de San Lázaro.

Preguntas orais:

- 1.- Formulada polo PP en relación a expediente á empresa URBASER.
- 2.- Formulada polo PP sobre os fondos do POS.
- 3.- Formulada polo PP sobre novo contrato para dinamizar e coordinar a casa Xohana Torres.
- 4.- Formulada polo PSdeG-PSOE relativa á iluminación do parque en Belvís.

18. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada polo PSdeG-PSOE relativa aos ataques ás sedes socialistas.
- 2.- Presentada polo PP para a realización de diversas actuacións que melloren os servizos dos vecinos do Rial de Conxo.
- 3.- Presentada polo PP para a mellora da sinalización de monumentos, establecementos turísticos e trazados do camiño de Santiago na cidade.
- 4.- Presentada polo PP para a reactivación do programa do banco de tempo.
- 5.- Presentada polo PP para a adopción de medidas de dinamización dos locais comerciais baleiros e para o evitar o peche doutros.
- 6.- Presentada polo PSdeG-PSOE relativa á construción dunha instalación externa na cociña económica, na praza Irmán Gómez, para protexer da chuvia e da calor ás persoas usuarias do centro.
- 7.- Presentada polo PSdeG-PSOE relativa ao campo de fútbol “Suso Conde” de Vilvestro.
- 8.- Presentada polo BNG, PSdeG-PSOE e CA para instar á Xunta a asumir o investimento do novo aparcadoiro do CHUS e a mellora da mobilidade no recinto do SERGAS.
- 9.- Presentada polo BNG, PSdeG-PSOE e CA para solicitar o cumprimento da iniciativa Xabarín, aprobada por unanimidade no Parlamento Galego.
- 10.- Presentada polo BNG, PSdeG-PSOE e CA relativa a equiparar real e

efectivamente as persoas menores en acollemento familiar á condición de “fillo/a” e o recoñecemento de familias de especial protección ás familias acolledoras.

Antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día, intervéñ na sesión plenaria Don Marcos Maceira Eiras, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, para falar a respecto da iniciativa Xabarín, presentada como moción conxunta dos grupos políticos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA.

As mocións que figuran na relación da orde do día cos números 9 e 10 foron transformadas en declaracións institucionais e son tratadas a continuación antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

Declaración institucional para equiparar real e efectivamente as persoas menores en acollemento familiar á condición de “fillo/a” e o recoñecemento de familias de especial protección ás familias acolledoras.

Declaración institucional para o cumprimento da iniciativa Xabarín, aprobada por unanimidade no Parlamento Galego, da lexislación vixente, e con máis de 33000 sinaturas.

Cumpriméntase así:

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba as seguintes declaracións institucionais:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA EQUIPARAR REAL E EFECTIVAMENTE AS PERSOAS MENORES EN ACOLLEMENTO FAMILIAR Á CONDICIÓ DE “FILLO/A” E O RECOÑECIMENTO DE FAMILIAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN ÁS FAMILIAS ACOLLEDORAS.

Onde mellor pode crecer un/a menor é en familia. Desta forma, @s menores tutelados poden ter a oportunidade de desenvolverse na contorna máis adecuada durante a infancia. O principio fundamental do interese superior d@ menor debe inspirar toda a lexislación de protección á infancia e establecer que a vida e o desenvolvemento dun/a menor teñan lugar nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia. Existe unanimidade entre @s expert@s á hora de considerar que a familia é o hábitat natural da persoa e o medio idóneo para o seu crecemento e benestar, especialmente no caso de @s menores. Por iso, resulta indispensable recoñecer dun modo claro e rotundo na lexislación a prioridade do acollemento familiar fronte ao residencial. O acollemento familiar é un recurso social que proporciona unha familia alternativa á de orixe a aqueles nenos e nenas ou adolescentes que, por diversas razóns, non poden convivir coa súa, evitando a institucionalización de crianzas e adolescentes cuxos pais, por circunstancias persoais ou sociais, non poden facerse cargo deles e pasan a ser tutelados pola Administración.

A retirada da tutela aos pais biolóxicos pode ser por un período de tempo temporal ou permanente. A Lei 26/2015, que regula o sistema de protección á infancia e á adolescencia, xa introduce un novo artigo 20 bis á Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de maneira que no seu apartado 1) recolle os dereitos dos acolledores familiares, sinalando a obrigatoriedade de facilitar ao menor acollido/ás mesmas condicións que aos filla/os biolóxic@s ou adoptad@s, co fin de facer uso de dereitos ou obrigas familiares durante o tempo que a persoa menor

conviva con eles. Así mesmo dispón que a familia acolledora terá os mesmos dereitos que a Administración recoñece ao resto de unidades familiares.

A pesar de priorizar as solucións familiares de acollemento e de adopción fronte ás residenciais, a realidade é que estamos aínda lonxe dese propósito, xa que a porcentaxe dos menores tutelados pola Administración que se atopan en residencias é demasiado grande.

Por iso, hai que corrixir o desequilibrio entre o investimento en acollemento residencial fronte ao familiar, ademais de pedir medidas que impulsen a promoción da acollida. Un acollemento non é unha adopción, hai que ter claro que a/o neno/a terá contacto coa súa familia biolóxica e que non é unha medida definitiva. As familias de acollida demandan unha maior visibilidade pois, desgraciadamente, faltan familias e sobran menores en desamparo. A acollida de menores é un acto completamente altruísta no noso país e ten escasas subvencións públicas, a pesar de que o titor legal dos menores é a Administración. Estas familias enfróntanse no seu día a día a situacións nas que teñen que dar demasiadas explicacións, como entregar un papel para unha gardería ou colexio, solicitar a cartilla sanitaria, federarse para poder facer un deporte ou explicar aos menores que non poden viaxar cos seus compañeiros... e a obriga de facer gastos extra ou asumir o coidado sen posibilidade de conciliación, por chegar a/o menor fóra de prazo para as actividades programadas a tal efecto.

A promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia, así como a protección social, económica e xurídica da familia son obxectos prioritarios dos poderes públicos do noso país.

Nos últimos anos, tod@s somos conscientes dos avances que se produciron en España en canto ao benestar d@s menores de idade e das súas familias, e a realidade d@s menores de acollida obríganos a ir un paso máis aló.

Entendemos que nun tempo diferente, cunha sociedade distinta, requírense modos de gobernar máis próximos. Son momentos onde a cidadanía necesita sentir máis preto á súa Administración, especialmente ao seu Concello, á súa Administración inmediata, que ten que estar para axudarlle.

Dende hai anos as familias de acollida atopámonos con innumerables dificultades. Se actualmente xa é complicado, é aínda máis para os menores en acollida ou as familias acolledoras. Ás familias e ás asociacións preocúpanos as dificultades que tal diferente trato supoñen en tantas medidas públicas en diversas áreas como as de; conciliación familiar e laboral, de sanidade ou educación, de lecer, deportes ou acceso a distintas axudas ou subvencións, descontos, etc. por iso presentamos ante este Concello a presente proposición relativa a equiparar real e efectivamente ás persoas menores de idade en acollemento familiar a condición de fill@, coa particularidade dun enfoque transversal que permita activar certas accións de “discriminación positiva”, para fortalecer e promocionar o acollemento familiar na medida do posible.

O Concello de Santiago de Compostela, para todos os efectos debe dar a consideración de fill@s naturais d@s menores en acollemento familiar durante o seu período de convivencia, o que leva ao acceso en igualdade de condicións ás familias con fillos naturais, aos servizos municipais, como poden ser as ludotecas, as bolsas, campamentos, actividades deportivas e mesmo a inscrición na escola municipal de música. É dicir, nestes casos os menores de acollida teñen a consideración de fillos e irmáns. Deste xeito, tamén mesmo poden acceder ás reducións que hai de impostos na

área de familia, de deporte, de Facenda e de transporte urbano e outros... Contar con prazos adicionais por circunstancias de acollemento, etc. Estas medidas e outras xa está en funcionamento noutros concellos desta e doutras CC.AA.

A lei só equipara @s menores de acollida permanente ou en situación preadoptiva e non a de acollida, que están de forma temporal ou por vía de urxencia, por iso é necesario dar un paso máis aló e establecer este apoio especial ás familias, non para compensar o gran labor social realizado, senón tamén para incrementar a calidade da atención dos menores, de acordo co obxectivo de avanzar na protección social, xurídica e económica das familias e ofrecer apoio preferente ás familias en situación especial.

Proponse ordenar e actualizar os apoios que estas familias reciben da administración municipal equiparando real e efectivamente, para todos os efectos administrativos, @s menores en acollemento en calquera das súas modalidades —temporal, permanente ou preadopción ou de urxencia— á condición de fill@ durante este período de tempo. Por todo o exposto de acordo coa asociación ACOUGO, o Concello de Santiago de Compostela, comprométese á adopción dos seguintes acordos:

1. Actualización da normativa municipal para establecer expresamente a equiparación real e efectivamente, para todos os efectos administrativos, a menores en acollemento en calquera das súas modalidades —temporal, permanente ou preadopción ou de urxencia— á condición de fill@ durante o tempo que o/a menor se atope baixo acollemento familiar, accionando medidas que apoién positivamente estas familias e menores.
2. Incorporación do ítem de familia acolledora ou crianza en acollida, nos impresos en todas as áreas da Xestión do Órgano de Goberno local. Accionando medidas, que apoién positivamente a estas familias e menores.
3. Consideración ás familias acolledoras de especial protección así como outro tipo de familias que teñan tamén esta consideración. Aplicando medidas de discriminación positiva que faciliten a vida comunitaria a nivel local das persoas que acollen e as acollidas.
4. Valoración da posibilidade de facer unha formación básica para o persoal e Equipo de Goberno do Concello en materia de Medidas de Protección de menores, especialmente sobre acollemento familiar.
5. Elaboración dun Rexistro Municipal de Familias Acolledoras.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA O CUMPRIMENTO DA INICIATIVA XABARÍN, APROBADA POR UNANIMIDADE NO PARLAMENTO GALEGO, DA LEXISLACIÓN VIXENTE, E CON MÁIS DE 33000 SINATURAS.

Hai 3 anos que A Mesa pola Normalización Lingüística lanzou a Iniciativa Xabarín reclamando contidos infantís e xuvenís en galego nas televisións públicas. Co apoio de 33.000 sinaturas a Iniciativa debateuse no Parlamento galego que en maio de 2021 aprobou por unanimidade o seguinte:

1. Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a

través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como aplicacións actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2. Reclamar do Goberno de España que, dentro do marco das súas competencias, promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa aplicación.

3. Instar o Goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de lei xeral de comunicación audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.

4. Así mesmo, o Parlamento insta o Goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RPT en Galicia e Portugal, segundo o recollido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias.

Ademais as Cortes do Estado aprobaron en xuño de 2022 a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual que na disposición adicional 5ª indica que o fornecedor do servizo público de comunicación audiovisual de ámbito estatal e os provedores do servizo de comunicación audiovisual de ámbito estatal garantirán nos seus servizos de comunicación audiovisual temáticos infantís, e nos seus catálogos de programas, a incorporación de contidos audiovisuais especialmente recomendados para o público infantil de até doce anos, dobrados nas linguas oficiais das comunidades Autónomas. Así mesmo, estes provedores ofrecerán contidos audiovisuais dirixidos ao público xeral, dobrados ou lexendados nas linguas oficiais das Comunidades Autónomas.

Neste momento non se está a cumprir ningún destes acordos parlamentares. Malia a súa maior responsabilidade as televisións públicas (TVG e TVE) cunha responsabilidade social maior, son as que máis incumpren.

A TVG continúa a limitar a programación á 2ª canle, sen que teña visto nestes tres anos ningún avance para a creación dunha canle temática nunha plataforma dixital propia, nin acordos para a inclusión nas operadoras de TV dispoñíbeis.

TVE, pola súa banda, incumpre descaradamente e sen rubor a lexislación: desde a aprobación da Lei audiovisual emitiu 0 programas infantís ou xuvenís en versión orixinal, dobrada ou lexendada en galego.

Mentres se incumpren estes acordos e a lexislación, a presenza do galego nas canles temáticas infantís e xuvenís da TDT e operadoras de televisión é dun 0,83% que converte os servizos audiovisuais noutro espazo vetado para o noso idioma.

Por todo o exposto, comprometémonos á adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- O Concello de Santiago insta a todas as Administracións públicas, entes e entidades a que cumpran os acordos da iniciativa Xabarín aprobada polo Parlamento de Galicia en maio de 2021.

Segundo.- O Concello de Santiago insta os operadores distribuidores de contidos audiovisuais para que se sumen a difusión de contidos en galego desta iniciativa para a infancia e a mocidade.

Terceiro.- O Concello de Santiago comprométese a ser un referente na defensa do galego na infancia a través de todos os mecanismos e entidades municipais.

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00050342E.
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE OUTUBRO DE 2023.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2023, núm. 18/23.

2. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00050389T.
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ADIANTO AO 21 DE DECEMBRO DE 2023 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o 24 de xuño de 2023, acordou que as súas sesións ordinarias terían lugar o derradeiro xoves de cada mes, ás 10:00 horas. Se o xoves fose festivo, a sesión será ás 10:00 horas, dous días antes ou dous despois daquel xoves, previa consulta á Xunta de Portavoces. Así mesmo, no mes de agosto non se celebrarán sesións ordinarias.

CONSIDERACIÓNS

No mes de decembro de 2023 a sesión ordinaria do Pleno terá lugar o día 28 dese mes. Porén, no mes de Nadal, tradicionalmente, a data da sesión ordinaria do Pleno véñse adiantado para que nin a súa celebración nin a das súas actuacións preparatorias coincidan cos días festivos.

Consultouse cos grupos políticos municipais a posibilidade de adiantar ao 21 de decembro de 2023 a data da sesión ordinaria do Pleno, mostrando aqueles a súa conformidade.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Adiantar ao 21 de decembro de 2023 a data da sesión ordinaria do Pleno da Corporación correspondente ao mes de decembro. A sesión iniciárase ás 10:00 horas.”

O Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Adiantar ao 21 de decembro de 2023 a data da sesión ordinaria do Pleno da Corporación correspondente ao mes de decembro. A sesión iniciárase ás 10:00 horas.

3. PLANEAMENTO. Referencia: **2023/00049495A.**

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM E DO PE-1 NO ÁMBITO DA PARCELA EM-FE (O ESPIÑO).

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 20 de novembro de 2023 e en relación coa Modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito da parcela EM-FE (O Espiño) emitiu o seguinte informe, ao que presta o seu conforme o secretario de Administración Municipal:

“A Modificación puntual de referencia, elaborada polo Servizo Municipal de Planeamento e Xestión Urbanística, formúlase de oficio polo Concello de Santiago co obxecto de modificar a ordenación detallada resultante da *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana e do Plan especial da cidade en Monte Pío e no Espiño* que se aprobou no ano 2004.

1. Planeamento vixente

O vixente *Plan xeral de ordenación municipal (PXOM)*, a través da disposición transitoria cuarta da súa normativa, remite a ordenación deste ámbito á citada *Modificación puntual*, que se aprobou definitivamente por Decreto do Consello da Xunta de Galicia 286/2004, de data 25 de novembro.

A referida MP clasificou os terreos afectados como solo urbanizable delimitado, establecendo directamente a súa ordenación detallada, ao abeiro do previsto no artigo 57.2 da Lei 9/2002, *de ordenación urbanística e protección do medio rural* (LOUG), daquela aplicable.

O planeamento vixente cualifica a maior parte de predio orixinal do Espiño como dotación pública, con destino aos sistemas de viario público, espazos libres (PU-14.1.b e PU-FE) e equipamento público (SC-FE). Así mesmo, define unha parcela privada de 8.000 m² (EM-FE), na que se permite edificar un volume de 10.500 m² construídos, susceptible de albergar distintos usos, todos eles de carácter privado: asistencial, sociocultural, sanitario, hoteleiro e residencial comunitario.

2. Execución do plan vixente

Con data 16 de xaneiro de 2006 a Xunta de Goberno aprobou definitivamente o proxecto de equidistribución do sector, que produciu os seguintes efectos xurídicos:

- A cesión ao Concello de Santiago dos terreos cualificados como sistema viario, parque urbano e equipamento sociocultural, incluíndo neste último a edificación catalogada existente na parcela (*palacete do Espiño*)
- A adxudicación á mercantil LAYETANA SANTIAGO S.L. da parcela EM-FE

- A afección da parcela EM-FE ao cumprimento de concretas obrigas urbanísticas de urbanización e de cesión de aproveitamento a favor do Concello de Santiago

A forma de cumprimentar as citadas obrigas urbanísticas foi obxecto dun *Convenio urbanístico de execución do planeamento*, aprobado o 16 de xaneiro de 2006. No citado Convenio, a propiedade da parcela EM-FE asumiu os compromisos seguintes:

- Aboar ao Concello o custo estimado das obras de urbanización e de acondicionamento do parque, que se executarían directamente pola administración municipal con cargo aos ingresos recadados.
- Aboar ao Concello o custo estimado das obras de rehabilitación do palacete, en concepto de substitución en metálico da cesión de aproveitamento urbanístico.
- Executar as obras de urbanización accesorias ou complementarias con carácter simultáneo á edificación da parcela EM-FE.

O Concello de Santiago requiriu a LAYETANA o pagamento das cantidades fixadas no Convenio, pero aquela interpuxo recurso contencioso-administrativo contra a reclamación de débeda efectuada pola administración municipal. O recurso resultou finalmente desestimado por unha sentenza firme ditada no ano 2011, e con data 31.10.2012 o Concello incautou, en vía de prema, as garantías que respondían da obriga de pagamento.

O Concello de Santiago executou as obras de consolidación do palacete, de urbanización e acondicionamento do parque público, que foi aberto ao uso público en agosto de 2014.

A partires dese momento -agosto de 2014- enténdese rematado o proceso de urbanización do sector, de maneira que a propiedade puido ter solicitado licenza de edificación directa da parcela EM-FE, condicionada á execución simultánea das obras accesorias de urbanización.

Polo tanto dende o ano 2014 os terreos afectados teñen a condición de solo urbano consolidado, consonte ao disposto nos artigos 17.a) da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e concordantes do seu Regulamento (artigos 25.3 e 26.1.a)

O prazo máximo de edificación é de 3 anos, consonte ao disposto no artigo 53.g) da LSG; considérase iniciado o día 1.09.2014, e vencido o 1 de setembro de 2018 ⁽¹⁾

3. Ámbito da Modificación

O obxectivo principal da MP é modificar a cualificación urbanística da parcela privada EM-FE, que representa o ámbito estrito da presente Modificación. Pero complementariamente, procédese a adaptar a cualificación dos terreos do contorno que son xa de titularidade municipal.

Así, o ámbito desta MP atópase hoxe integrado polas seguintes parcelas catastrais:

- A parcela 6780421NH3468B0001JI, de titularidade privada e aproveitamento lucrativo (EM-FE), catastrada a nome de Management Santiago S.L.

¹ O prazo resultou interrompido durante 1 ano -por mor da suspensión previa de licenzas publicada en xuño de 2017.

- A parcela 6780416NH3468B0001XI, adxudicada ao Concello de Santiago coa cualificación de parque público de sistema local (PU-FE)
- A parcela 67804NH3468B0001DI, adxudicada ao Concello de Santiago coa cualificación de parque público de sistema xeral (PU.14.1.b)
- A parcela 6780422NH3468B0000WU, adxudicada ao Concello de Santiago coa cualificación de sistema viario.
- A parcela 6780417NH3468B0001H, adxudicada ao Concello de Santiago coa cualificación de sistema viario.
- As parcelas 6780418NH3468B0001H e 6780419NH3468B0001E, adxudicadas ao Concello de Santiago coa cualificación de equipamento sociocultural (SC-FE)

4. Xustificación e alcance da Modificación

A Modificación ten como finalidade principal preservar a singular calidade paisaxística e ambiental do conxunto do Espiño, posto que constitúe un referente no poñente da cidade histórica e define unha silueta da paisaxe moi visible dende outros puntos da cidade, como son o Obradoiro, a Alameda ou o Monte Pedroso.

No ano 2017 o Pleno municipal adoptou un acordo de suspensión previa de licenzas coa finalidade de estudar a reforma do plan vixente, para minimizar o impacto que produciría a edificación da parcela EM-FE sobre a paisaxe e preservar un espazo de especial valor ambiental. A suspensión de licenzas publicouse no Diario Oficial de Galicia o día 9 de xuño de 2017 e extinguiu os seus efectos o día 11 de xuño de 2018.

Na memoria xustificativa desta MP exponse que “a proposta de edificación da parcela EM-FE prevista no 2004 resulta hoxe dificilmente asumible, debido ao grande impacto que xeraría no contorno, pois alteraría de forma substancial a paisaxe e a mobilidade dun espazo de especial fragilidade ambiental, percibido pola comunidade como único e singular”

A parcela orixinal do Espiño foi incluída no Catálogo do *Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1)* co carácter de “finca singular” (unidade 120801). Na actualidade, pasados case 20 anos dende a aprobación do plan vixente, e máis de 7 dende a apertura do Parque, sen que se teña solicitado licenza de edificación, a administración municipal está obrigada a adaptar o planeamento ás novas necesidades e criterios de ordenación deste espazo tan singular da cidade histórica.

Logo de ponderar as distintas alternativas que se avaliaron no *Documento ambiental estratéxico (DAE)* óptase por desenvolver a que conleva o menor impacto e a máxima preservación, consistente en publicar a totalidade da parcela EM-FE para integrala no conxunto dotacional do Espiño.

Isto obriga a modificar a cualificación urbanística da parcela EM-FE, que pasa a cualificarse como sistema xeral de espazos libres públicos (PU-FE) e de equipamento público (SC-FE). Os terreos afectados poderán adquirirse mediante expropiación forzosa, ou, de ser o caso, por calquera dos outros mecanismos previstos na lexislación do solo de Galicia para a obtención de dotacións públicas en solo urbano consolidado (convenio ou permuta forzosa). En consecuencia, inclúese no Estudo económico a estimación dos custos de expropiación do solo e de acondicionamento das novas dotacións públicas.

Ademais, no ámbito dos terreos que son xa de titularidade municipal, axústase a delimitación das parcelas de parque público e de equipamento, e suprímese a cualificación específica de sistema viario así como a reserva de prazas de aparcamento.

A resultas das modificacións propostas, foi preciso adaptar os cadros afectados da Memoria do PXOM vixente, nos que tamén se rectifican os erros de medición detectados.

Finalmente, modifícase a actual redacción da disposición transitoria cuarta do PXOM.

5. Informe ambiental estratéxico (IAE)

Antes de elaborar a MP formulouse o *Documento ambiental estratéxico (DAE)*, que se remitiu xunto co Borrador do plan á Dirección xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. O órgano ambiental, mediante resolución publicada no DOG do día 10 de outubro de 2018, formulou o seu *Informe ambiental estratéxico* (2018AAE2197).

Consonte ao sinalado no artigo 35.2.c) e na disposición transitoria 4.3 da Lei 9/2021, o IAE mantén a súa vixencia ata o día 10.10.2024, podendo solicitarse unha prórroga por un período adicional de 2 anos antes da data sinalada.

O IAE sinala a seguinte determinación:

A Modificación contemplará a eliminación de todos os exemplares existentes no ámbito de AILANTHUS ALTISSIMA e a adopción de medidas para evitar a súa posible propagación, en especial nos amoreamentos e traslados de terras.

Durante o período de consultas ambientais obtivéronse os seguintes informes:

- Informe da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 9.07.2018, que formula dúas observacións:

1. A necesidade de acreditar a transformación efectiva do solo afectado en urbano consolidado.
2. A obrigatoriedade de incluír na estratexia da actuación e no estudo económico da modificación *“as debidas previsións para a obtención das novas superficies destinadas a espazos libres”*

No documento que se somete a aprobación inicial xustifícase a categorización do solo como urbano consolidado (apartado 8 da Memoria), e no Estudo económico inclúense as previsións económicas de obtención das novas dotacións públicas, a través do sistema de expropiación.

- Informe do Instituto de Estudos do Territorio, relativo á paisaxe, favorable á Modificación.

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, que lembra a obrigatoriedade de cumprir, *“en todo o redor do núcleo urbano, cos artigos da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, referidos ás redes secundarias de faixas de xestión de biomasa (artigos 21 a 23), e coas prescricións da Lei 7/2012, de montes de Galicia, relativas a distancias mínimas que deben cumprir as novas repoboacións forestais”*

- Informe da directora xeral do Patrimonio Cultural, de data 23.05.2018, que sinala a necesidade de ter en conta as determinacións do PE-1 cara ao desenvolvemento da Modificación, así como as especiais relacións visuais co resto de bens do patrimonio cultural e da cidade histórica.

O documento que se somete a aprobación inicial desenvolve a alternativa A.1 do DAE. Neste documento xa se apuntaba a posibilidade de adoptar a alternativa de *non edificación* durante o proceso de tramitación urbanística do plan, pola súa maior coherencia cos obxectivos da reforma.

6. Procedemento e órgano competente

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia (LSG)* e 144 do seu Regulamento (RLSG).

O órgano competente para adoptar os acordos de aprobación inicial, provisional e definitiva é o Pleno municipal, consonte ao disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 *reguladora das bases do réxime local (LBRL)*, en relación co 61.2 da LSG.

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

Artigo 123.1.i) da LBRL (atribucións do Pleno municipal):

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

7. Proposta de aprobación inicial

Por todo o exposto, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito da parcela EM-FE (O Espiño), promovida polo Concello de Santiago, segundo o proxecto elaborado polos servizos técnicos municipais de Planeamento en outubro de 2023

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.6 do seu Regulamento, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resumen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Terceiro. De conformidade co disposto nos artigos 60.7 da LSG e 144.7 do seu Regulamento, trasladarase a documentación ao órgano competente da Consellería en materia de urbanismo, a fin de que por este se outorgue audiencia aos Concellos limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Cuarto. Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará o informe da Deputación Provincial, sobre posibles afeccións a estradas da súa titularidade (artigo 23.2 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia), así como os dos servizos competentes da administración do Estado en materia de telecomunicacións (artigo 35 da Lei 9/2014 de telecomunicacións), Defensa e Aviación Civil. Así mesmo, darase traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os outros informes que estime necesarios.

Quinto. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición no ámbito da parcela catastral 678042NH3468B0001JI (EM-FE)

A suspensión terá unha duración máxima de **DOUS ANOS**, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva do planeamento.”

No informe-proposta anteriormente transcrito propónse ao Pleno Municipal que adopte o acordo de aprobación inicial do proxecto.

En consecuencia, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame que deberá emitir a Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito da parcela EM-FE (O Espiño), promovida polo Concello de Santiago, segundo o proxecto elaborado polos servizos técnicos municipais de Planeamento en outubro de 2023

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.6 do seu Regulamento, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resumen executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Terceiro. De conformidade co disposto nos artigos 60.7 da LSG e 144.7 do seu Regulamento, trasladarase a documentación ao órgano competente da Consellería en materia de urbanismo, a fin de que por este se outorgue audiencia aos Concellos limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Cuarto. Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará o informe da Deputación Provincial, sobre posibles afeccións a estradas da súa titularidade (artigo 23.2 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia), así como os dos servizos competentes da administración do Estado en materia de telecomunicacións (artigo 35 da Lei 9/2014 de telecomunicacións), Defensa e Aviación Civil. Así mesmo, darase traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os outros informes que estime necesarios.

Quinto. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición no ámbito da parcela catastral 678042NH3468B0001JI (EM-FE)

A suspensión terá unha duración máxima de **DOUS ANOS**, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva do planeamento.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do 23 de novembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Modificación puntual do PXOM e do PE-1 no ámbito da parcela EM-FE (O Espiño), promovida polo Concello de Santiago, segundo o proxecto elaborado polos servizos técnicos municipais de Planeamento en outubro de 2023

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 144.6 do seu Regulamento, a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública comprenderá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resumo executivo co contido mínimo esixido no apartado 6 do artigo 144 do Regulamento.

Terceiro. De conformidade co disposto nos artigos 60.7 da LSG e 144.7 do seu Regulamento, trasladarase a documentación ao órgano competente da Consellería en materia de urbanismo, a fin de que por este se outorgue audiencia aos Concellos limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

Cuarto. Durante o trámite de información pública, o Concello solicitará o informe da Deputación Provincial, sobre posibles afeccións a estradas da súa titularidade (artigo 23.2 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia), así como os dos servizos competentes da administración do Estado en materia de telecomunicacións (artigo 35 da Lei 9/2014 de telecomunicacións), Defensa e Aviación Civil. Así mesmo, darase traslado á Delegación do Goberno en Galicia para os efectos de que solicite os outros informes que estime necesarios.

Quinto. Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión do

procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición no ámbito da parcela catastral 678042NH3468B0001JI (EM-FE)

A suspensión terá unha duración máxima de **DOUS ANOS**, a contar dende o acordo de aprobación inicial, e extinguirase, en todo caso, coa aprobación definitiva do planeamento.

4. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: **2022/00037624G.**
APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL (MP) DO PLAN PARCIAL DO SUNP-7 (O AVÍO).

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

A Modificación formúlase por iniciativa particular de dona María del Carmen Míguez Rodríguez co obxecto de definir o novo réxime urbanístico aplicable á parcela catastral 000800500NH34H0001JH (rúa de Vite de Arriba, núm. 7), sita no ámbito do Plan parcial do SUNP-7 (O Avío).

1. Planeamento vixente e execución

O PXOM vixente, na súa disposición transitoria 3ª, remite a ordenación detallada da parcela ao Plan parcial do SUNP-7 -aprobado definitivamente o 3 de xullo de 1998-, que a cualifica como zona libre pública (ZL-4).

O plan parcial delimitou a área de reparto SUNP-7, que constitúe un polígono único de xestión, a executar polo Instituto Galego da Vivenda (IGVS) mediante o sistema de expropiación. Con este obxecto o IGVS outorgou unha concesión administrativa á Sociedade Cooperativa Limitada de Vivendas *Monte Aloia*, que se obrigou a adquirir os terreos afectados, a executar a urbanización completa do polígono e a edificar os soares resultantes.

No plano parcelario do plan parcial a vivenda número 7 da rúa de Vite de Arriba figura como edificación existente na parcela sinalada co número 15. Porén, nos planos do proxecto de expropiación formulado pola beneficiaria (Sociedade Cooperativa Monte Aloia) a parcela figura como “*excluída*”, de xeito que non se incluíu na relación de bens e dereitos de necesaria expropiación aprobada por resolución do director xeral do IGVS de data 26.09.2003 (DOG 27.10.2003)

As obras de urbanización do SUNP-7 entregáronse ao Concello de Santiago nun acta asinada o 14.03.2007, na que se fai mención da necesidade de derrubar unha edificación existente na zona verde pública. No ano 2009 derrubouse a edificación existente na zona verde ZV-2 (Travesa de Vista Alegre, 71), que foi incorporada ao sistema de espazos libres públicos.

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017).

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas

derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO E OUTROS GASTOS. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 e aquelas outras que se corresponden con outros gastos devengados no exercicio 2022 e non recollidos como OPA que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **40.592,89 €**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **40.592,89 €**, e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

SEGUNDO: Aprobar, dispoñer e recoñecer das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **40.592,89 €**.

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor

correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

PRIMEIRO: Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **40.592,89 €**, e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

SEGUNDO: Aprobar, dispoñer e recoñecer das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **40.592,89 €**.

7. TESOURERÍA. Referencia: **2023/00008698D.**

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 1.03 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O AUMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Con data 15 de maio de 2023 a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de modificación da ordenanza fiscal 1.03 reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. O expediente 2023/8698D recolle como antecedentes:

“1.- Con data do 9 de novembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (en diante IIVT).

A disposición transitoria única do RDL 26/2021, que regula a obriga dos Concellos que teñan establecido o imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana, de modificación da ordenanza fiscal para súa adaptación ao citado RDL, dispón o seguinte:

“Los ayuntamientos que tengan establecido el Impuesto sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana deberán modificar, en el plazo de seis meses desde la entrada en vigor de este real decreto-ley, sus respectivas ordenanzas fiscales para adecuarlas a lo dispuesto en el mismo.

Hasta que entre en vigor la modificación a que se refiere el párrafo anterior, resultará de aplicación lo dispuesto en este real decreto-ley, tomándose, para la determinación de la base imponible del impuesto, los coeficientes máximos establecidos en la redacción del artículo 107.4 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales dada por este real decreto-ley”

2.- O Concello de Santiago de Compostela está a esixir o IIVT e a regulación vixente é a ordenanza fiscal 1.03.

Desde a entrada en vigor do Real decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro, a ordenanza fiscal 1.03 reflicte unha normativa que xa non está vixente en cuestións de tanta transcendencia como o sistema de determinación do incremento de valor ou os coeficientes que corresponde aplicar ao período de xeración. Esta discordancia entre a ordenanza e a lexislación de aplicación da lugar a equívocos dos contribuíntes e a recursos innecesarios.

3.- O 12 de setembro do 2022, en cumprimento do disposto na citada disposición transitoria única do RDL 26/2021, someteuse á consideración do pleno a proposta de modificación da ordenanza fiscal 1.03 (expediente 2022/20496B), para adaptala ás modificacións introducidas polo RDL 26/2021.

A proposta do goberno municipal, previamente trasladada aos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galega, para que fixeran as achegas que considerasen oportunas, tiña o obxectivo o de facer unha adaptación estritamente técnica e legal do imposto procurando non incrementar a perda de ingresos que xa se deriva da modificación lexislativa. Así se desprende da proposta da concelleira de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, do 29 de abril del 2022, na que se dispuña o seguinte:

“Tendo en conta que a vontade do goberno municipal é a de facer unha adaptación estritamente técnica do imposto, proponse que a Xunta de Goberno Local aprobe, previos informes preceptivos, a modificación da ordenanza fiscal 1.03 segundo a proposta da Tesourería Municipal do 28 de abril do 2022, para a súa entrada en vigor ao día seguinte da publicación do acordo do Pleno de aprobación definitiva das modificacións e do texto modificado da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”

A razón pola que o goberno municipal propuxo unha modificación estritamente técnica e legal da ordenanza fiscal se puxo de manifesto pola por esta concelleira delegada de Facenda, durante o debate da proposta o pasado 12 de setembro: evitar unha minoración, aínda maior da prevista, dos ingresos derivados deste imposto, tendo en conta que a propia adaptación técnica e legal do imposto establecido no concello, xa supuña por si soa unha minoración dos importes liquidados en torno a 700 mil euros anuais, tal e como se pon de manifesto, no apartado B.6 do informe da Tesourería Municipal do 28 de abril de 2022.

A proposta de modificación da ordenanza reguladora do IIVT, elevada ao pleno da corporación municipal o pasado 12 de setembro do 2022, introducía os seguintes cambios:

- Incorporación do suposto de non suxeición para minusvalías.
- Introducción dun novo método de determinación da base imponible, o método real.
- Modificación do método obxectivo de determinación da base imponible, cos novos coeficientes para cada ano e non por intervalos de ano e coa posibilidade de gravar os aumentos xerados en períodos inferiores a un ano.

- Melloras na redacción do texto da ordenanza, melloras introducidas tanto con anterioridade ao informe da asesoría xurídica municipal como con posterioridade ao dito informe.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación rexeitou a modificación da ordenanza ao non acadar a votación a maioría simple de votos, con 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, 12 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP e de CA (7 PP e 5 CA) e 1 abstención correspondente á concelleira presente do BNG.

4.- Ante a necesidade de dar cobertura xurídica ao IIVT establecido no Concello e cumprir así o mandato previsto na citada disposición transitoria única do RDL 26/2021, o goberno municipal iniciou unha nova ronda de consultas cos grupos municipais co obxectivo de consensuar unha proposta de modificación para a súa aprobación.

No marco destas consultas os grupos municipais propuxeron diversas modificacións. Analizadas o conxunto das mesmas, dende o goberno municipal decantámonos polas seguintes modificacións, por entender que coincide unha maioría da corporación arredor dela:

- Incorporación do coeficiente redutor dos valores catastrais do 15% para o cálculo do valor dos terreos. Esta é unha das principais novidades derivadas do RDL 26/2021, e aplicable nos supostos nos que a base imponible do imposto se determine aplicando o método obxectivo, isto é, o método que ten en conta os valores catastrais.

- Establecemento da bonificación de ata o 95 % da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio de terreos, sobre os que se desenvolvan actividades económicas que sexa declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A posibilidade legal de introducir esta bonificación non é unha novidade derivada do RDL 26/2021, senón que xa estaba prevista na normativa reguladora do imposto, en concreto no artigo 108.5 do RD Lexislativo 2/02004.

5.- O 27 de outubro de 2022 iniciouse a tramitación dun novo expediente 2022/48221K de modificación da ordenanza. Tesourería informou de que nese momento estaba en trámite a Lei de orzamentos xerais para o ano 2024 que incluía unha modificación da normativa reguladora do tributo que afectaba aos coeficientes máximos aplicables e, por conseguinte, de prosperar, mudarían os coeficientes que poderían aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2024. O retraso na emisión de informes posteriores do expediente de modificación da ordenanza e a confirmación da modificación da normativa do tributo motivou que non se considerase oportuna a continuidade da tramitación dese expediente.

Persistindo a necesidade de adecuar a regulación da ordenanza reguladora do Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVT) a nova regulación legal, cumprindo así o mandato previsto na citada disposición transitoria única do RDL 26/2021, deuse orde á Tesourería para a tramitación dun novo expediente para a modificación da Ordenanza 1.03 Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana nos termos da proposta da concelleira delegada de facenda 6 de setembro do 2022 coas modificacións derivadas da conversas cos

grupos municipais e das modificacións dos coeficientes para recoller os máximos previstos na normativa despois da modificación da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2024.

6.- Tendo en conta o exposto e ante a necesidade de garantir a seguridade xurídica do imposto establecido na ordenanza reguladora do IIVT, o 15 de febreiro de 2023 ditouse nova providencia de inicio de expediente de modificación da ordenanza fiscal 1.03 co obxectivo de propor a modificación nos termos indicados.”

CONSIDERACIÓNS

A proposta foi informada favorablemente pola Tesourería con data 24 de febreiro de 2023. Tamén consta no expediente informe de Oficina Orzamentaria e Contabilidade de 9 de marzo de 2023. Asesoría Xurídica e Intervención informaron o expediente con datas 5 e 28 de abril de 2023, respectivamente. Ante as observacións contidas neses informes Tesourería emitiu informes con datas 19 de abril e 4 de maio de 2023.

En base aos informes citados mantuvose a redacción da proposta inicial de 15 de febreiro de 2023.

Con data 15 de maio de 2023 a Xunta de Goberno Local aprobou a proposta de modificación.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

Aprobación da modificación da ordenanza fiscal 1.03 para a súa entrada en vigor ao día seguinte da publicación do acordo do Pleno de aprobación definitiva das modificacións e do texto modificado da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O texto definitivo da ordenanza fiscal 1.03 modificada sería o seguinte:

ORDENANZA FISCAL 1.03: IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se rexerá polo disposto na devandita Lei, pola presente Ordenanza fiscal e pola demais normativa aplicable.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, o incremento do valor que experimenten os terreos de natureza urbana e de características especiais a efectos do imposto sobre bens inmoables, e que se manifeste por mor da transmisión da propiedade dos mesmos por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os devanditos terreos.

Terán a consideración de terreos de natureza urbana e de características especiais os así cualificados polo artigo 7.2 e 8 do Texto refundido da lei do catastro inmobiliario. Non será preciso para a esixencia do imposto que os citados terreos estean contemplados como tales no catastro ou padrón do imposto sobre bens inmobles.

2. Serán de aplicación a este imposto os supostos de non suxeición e non devindicación previstos na normativa aplicable.

Artigo 3. Exencións

1. Aplicaranse as exencións previstas na lexislación con carácter obrigatorio.

2. Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se produzan como consecuencia das transmisións de bens situados dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico - artístico e declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na lei 16/1985 de 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles.

Para estes efectos, as obras de conservación, mellora ou rehabilitación de inmobles deberán cumprir os seguintes requisitos:

1) Realizadas ao amparo do establecido nos capítulos un e dous do Título cuarto do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica.

2) Realizadas con posterioridade á entrada en vigor do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica.

3) Rematadas dentro do período comprendido nos vinte anos inmediatamente anteriores á data de devindicación do imposto.

4) O importe das obras será como mínimo o 30% do valor de construción do inmovle a efectos do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, correspondente ao ano de conclusión da obra.

Esta exención, que ten carácter rogado, deberá solicitarse en calquera momento anterior á notificación ó suxeito pasivo do inicio de calquera procedemento de inspección ou comprobación tributaria, ou de verificación de datos relativo ao imposto.

A unidade competente de Urbanismo emitirá informe sobre a adecuación das obras aos requisitos esixidos para a concesión da exención.

Artigo 4. Base imponible

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos e determinarase, con carácter xeral, multiplicando o valor catastral do terreo no momento da devindicación por un coeficiente redutor do 15% e polo coeficiente que corresponda ao período de xeración.

2. Cando, a instancia do suxeito pasivo, se constate pola diferenza entre os valores dos terreos nas datas de transmisión e adquisición que o importe do incremento de

valor é inferior ao importe da base imponible determinada consonte co disposto no apartado anterior, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos que se teña posto de manifesto o devandito incremento.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano.

No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratarase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

4.- Os coeficientes que corresponden ao período de xeración son os seguintes:

Período de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano.	0,15
1 ano.	0,15
2 anos.	0,14
3 anos.	0,15
4 anos.	0,17
5 anos.	0,18
6 anos.	0,19
7 anos.	0,18
8 anos.	0,15
9 anos.	0,12
10 anos.	0,10
11 anos.	0,09
12 anos.	0,09
13 anos.	0,09
14 anos.	0,09
15 anos.	0,10
16 anos.	0,13

17 anos.	0,17
18 anos.	0,23
19 anos.	0,29
Igual ou superior a 20 anos.	0,45

Artigo 5. Cota tributaria

A cota tributaria íntegra será a que resulte de aplicar á base imponible o tipo do 22%

Artigo 6. Bonificacións

1.- Nas transmisións dos terreos e nas transmisións ou constitucións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, mortis causa, cando os suxeitos pasivos do imposto sexan descendentes e adoptados ou ascendentes e adoptantes, ou cónxuxe do causante, ou beneficiario dun pacto sucesorio, a cota íntegra do imposto será bonificada en función do valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional, mediante a aplicación das seguintes porcentaxes:

a) Bonificación do 95% da cota do imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional non supera os 75.000 €.

b) Bonificación do 75% da cota do imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional é maior de 75.000€ pero non supera os 150.000 €.

c) Bonificación do 50% da cota do imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional é maior de 150.000 €.

Para determinar a porcentaxe de bonificación aplicable en función do valor catastral do solo, terase en conta a porcentaxe de propiedade do causante-transmitente sobre o total do inmoable (ben ganancial, cota indivisa de prazas de garaxes, herdanzas...)

2.- Establécese unha bonificación de ata o 95% a favor das transmisión de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio público de terreos, sobre os que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado. O Pleno declarará, se procede, o especial interese ou utilidade municipal en base á memoria presentada polo solicitante e ao informe que elaborará o departamento municipal competente en función da materia - benestar social, dinamización social, urbanismo, emprego- e concederá o beneficio fiscal fixando a porcentaxe a aplicar.

3.- Estas bonificacións, que teñen carácter rogado, deberán solicitarse en calquera momento anterior á notificación a calquera suxeito pasivo de calquera procedemento de inspección ou comprobación tributaria, ou de verificación de datos relativo ao imposto. 4.- As bonificacións deste artigo son incompatibles

Artigo 7. Obriga de contribuír

1. O imposto devíndicase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, a título oneroso ou gratuito, inter vivos ou mortis causa, na data da transmisión.

b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data da constitución ou transmisión.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, considerase como data da transmisión:

a) Nos actos ou contratos inter vivos, a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu cargo.

b) Nas transmisións mortis causa, a do falecemento do causante. Nos pactos sucesorios, a de outorgamento do documento público.

Artigo 8. Normas de xestión

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar declaración do imposto, autoliquidar e ingresar o seu importe nas entidades bancarias colaboradoras nos seguintes prazos:

a) Nas transmisións de propiedade e na constitución e transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio, inter vivos, dentro dos trinta días hábiles seguintes ao da devindicación do imposto.

b) Nas transmisións de propiedade e na constitución e transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio, mortis causa, e nos pactos sucesorios, dentro do prazo de seis meses seguintes ao da devindicación do imposto. Con anterioridade ao vencemento deste prazo, o suxeito pasivo poderá instar a prórroga do mesmo por outro prazo de ata seis meses de duración, que se entenderá tacitamente concedida.

2. Os obrigados tributarios están obrigados a presentar declaración do imposto e non autoliquidar nos seguintes supostos:

a) No suposto previsto no parágrafo terceiro da letra a) do apartado 2 do artigo 107 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e en calquera outro suposto no que non se dispoña de valor catastral.

A administración practicará a liquidación no momento no que se dispoña do valor catastral do terreo.

b) Cando se solicite un beneficio fiscal.

A administración practicará a liquidación cando se resolva a solicitude do beneficio fiscal.

c) Nos supostos de non suxeición por ausencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Se a administración municipal entende suxeita a transmisión practicará a liquidación que proceda.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión ordinaria do 23 de novembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda a aprobación da modificación da ordenanza fiscal 1.03 para a súa entrada en vigor ao día seguinte da publicación do acordo do Pleno de aprobación definitiva das modificacións e do texto modificado da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O texto definitivo da ordenanza fiscal 1.03 modificada sería o seguinte:

ORDENANZA FISCAL 1.03: IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se rexerá polo disposto na devandita Lei, pola presente Ordenanza fiscal e pola demais normativa aplicable.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, o incremento do valor que experimenten os terreos de natureza urbana e de características especiais a efectos do imposto sobre bens inmoables, e que se manifeste por mor da transmisión da propiedade dos mesmos por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os devanditos terreos.

Terán a consideración de terreos de natureza urbana e de características especiais os así cualificados polo artigo 7.2 e 8 do Texto refundido da lei do catastro inmobiliario. Non será preciso para a esixencia do imposto que os citados terreos estean contemplados como tales no catastro ou padrón do imposto sobre bens inmoables.

2. Serán de aplicación a este imposto os supostos de non suxeición e non devindicación previstos na normativa aplicable.

Artigo 3. Exencións

1. Aplicaranse as exencións previstas na lexislación con carácter obrigatorio.

2. Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se produzan como consecuencia das transmisións de bens situados dentro do perímetro delimitado como

conxunto histórico - artístico e declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na lei 16/1985 de 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles.

Para estes efectos, as obras de conservación, mellora ou rehabilitación de inmobles deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Realizadas ao amparo do establecido nos capítulos un e dous do Título cuarto do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica.
- 2) Realizadas con posterioridade á entrada en vigor do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica.
- 3) Rematadas dentro do período comprendido nos vinte anos inmediatamente anteriores á data de devindicación do imposto.
- 4) O importe das obras será como mínimo o 30% do valor de construción do inmovible a efectos do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, correspondente ao ano de conclusión da obra.

Esta exención, que ten carácter rogado, deberá solicitarse en calquera momento anterior á notificación ó suxeito pasivo do inicio de calquera procedemento de inspección ou comprobación tributaria, ou de verificación de datos relativo ao imposto.

A unidade competente de Urbanismo emitirá informe sobre a adecuación das obras aos requisitos esixidos para a concesión da exención.

Artigo 4. Base imponible

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos e determinarase, con carácter xeral, multiplicando o valor catastral do terreo no momento da devindicación por un coeficiente redutor do 15% e polo coeficiente que corresponda ao período de xeración.
2. Cando, a instancia do suxeito pasivo, se constate pola diferenza entre os valores dos terreos nas datas de transmisión e adquisición que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada consonte co disposto no apartado anterior, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.
3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos que se teña posto de manifesto o devandito incremento.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano.

No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

- 4.- Os coeficientes que corresponden ao período de xeración son os seguintes:

Período de xeración	Coeficiente
Inferior a 1 ano.	0,15
1 ano.	0,15
2 anos.	0,14
3 anos.	0,15
4 anos.	0,17
5 anos.	0,18
6 anos.	0,19
7 anos.	0,18
8 anos.	0,15
9 anos.	0,12
10 anos.	0,10
11 anos.	0,09
12 anos.	0,09
13 anos.	0,09
14 anos.	0,09
15 anos.	0,10
16 anos.	0,13
17 anos.	0,17
18 anos.	0,23
19 anos.	0,29
Igual ou superior a 20 anos.	0,45

Artigo 5. Cota tributaria

A cota tributaria íntegra será a que resulte de aplicar á base imponible o tipo do 22%

Artigo 6. Bonificacións

1.- Nas transmisións dos terreos e nas transmisións ou constitucións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, mortis causa, cando os suxeitos pasivos do imposto sexan descendentes e adoptados ou ascendentes e adoptantes, ou cónxuxe do causante, ou beneficiario dun pacto sucesorio, a cota íntegra do imposto será bonificada en función do valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional, mediante a aplicación das seguintes porcentaxes:

a) Bonificación do 95% da cota do imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional non supera os 75.000 €.

b) Bonificación do 75% da cota do imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional é maior de 75.000€ pero non supera os 150.000 €.

c) Bonificación do 50% da cota do imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmoables de natureza urbana de que sexa titular o causante-transmitente no territorio nacional é maior de 150.000 €.

Para determinar a porcentaxe de bonificación aplicable en función do valor catastral do solo, terase en conta a porcentaxe de propiedade do causante-transmitente sobre o total do inmoable (ben ganancial, cota indivisa de prazas de garaxes, herdanzas...)

2.- Establécese unha bonificación de ata o 95% a favor das transmisión de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio público de terreos, sobre os que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado. O Pleno declarará, se procede, o especial interese ou utilidade municipal en base á memoria presentada polo solicitante e ao informe que elaborará o departamento municipal competente en función da materia -benestar social, dinamización social, urbanismo, emprego- e concederá o beneficio fiscal fixando a porcentaxe a aplicar.

3.- Estas bonificacións, que teñen carácter rogado, deberán solicitarse en calquera momento anterior á notificación a calquera suxeito pasivo de calquera procedemento de inspección ou comprobación tributaria, ou de verificación de datos relativo ao imposto. 4.- As bonificacións deste artigo son incompatibles

Artigo 7. Obriga de contribuír

1. O imposto devíndcase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, a título oneroso ou gratuíto, inter vivos ou mortis causa, na data da transmisión.

b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data da constitución ou transmisión.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, considerase como data da transmisión:

- a) Nos actos ou contratos inter vivos, a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu cargo.
- b) Nas transmisións mortis causa, a do falecemento do causante. Nos pactos sucesorios, a de outorgamento do documento público.

Artigo 8. Normas de xestión

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar declaración do imposto, autoliquidar e ingresar o seu importe nas entidades bancarias colaboradoras nos seguintes prazos:

a) Nas transmisións de propiedade e na constitución e transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio, inter vivos, dentro dos trinta días hábiles seguintes ao da devindicación do imposto.

b) Nas transmisións de propiedade e na constitución e transmisión de calquera dereito real de goce limitativo do dominio, mortis causa, e nos pactos sucesorios, dentro do prazo de seis meses seguintes ao da devindicación do imposto. Con anterioridade ao vencemento deste prazo, o suxeito pasivo poderá instar a prórroga do mesmo por outro prazo de ata seis meses de duración, que se entenderá tacitamente concedida.

2. Os obrigados tributarios están obrigados a presentar declaración do imposto e non autoliquidar nos seguintes supostos:

a) No suposto previsto no parágrafo terceiro da letra a) do apartado 2 do artigo 107 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e en calquera outro suposto no que non se dispoña de valor catastral.

A administración practicará a liquidación no momento no que se dispoña do valor catastral do terreo.

b) Cando se solicite un beneficio fiscal.

A administración practicará a liquidación cando se resolva a solicitude do beneficio fiscal.

c) Nos supostos de non suxeición por ausencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Se a administración municipal entende suxeita a transmisión practicará a liquidación que proceda.

8. XESTIÓN TRIBUTARIA. Referencia: 2023/00006168D.

DENEGACIÓN DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS POR OBRAS DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Visto o escrito presentado no rexistro de entrada do Concello de Santiago de Compostela o día 08/06/2020 con número /- por INSTITUTO GALEGO DA VIVIENDA E SOLO con documento oficial de identificación ESQ6550004C no procedemento Beneficios fiscais

A unidade de Servizos Sociais emite informe que textualmente di:

“...PROPONSE dende o Departamento de Servizos Sociais ao Pleno Municipal

PRIMEIRO.- Que procede a declaración de ausencia de especial interese ou utilidade municipal do proxecto de 24 vivendas de promoción pública na rúa do Castiñeiríño, nº 81 en Santiago de Compostela solicitado polo IGVS por non resultar a utilidade social municipal ou especial interese para a veciñanza de Santiago de Compostela ao non recollese na memoria do IGVS, que as vivendas sociais proxectadas favorezan dalgún modo o apoio ás familias e colectivos con menos recursos do Concello de Santiago de Compostela, segundo o establecido no artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

SEGUNDO.- Rexeitar a petición de bonificación no EXPEDIENTE 2023/6168D que CA GALICIA CTOPV IGVS con CIF: Q6550004C e domicilio en Paseo Área central da cidade de Santiago de Compostela presentou no Rexistro Xeral deste Concello en data 08 de Xuño de 2020 para a obtención de Beneficios fiscais do Imposto sobre construcións, instalacións e obras .-ICIO (Modelo T44) en concreto Bonificación por Actuacións de Especial Interese ou Utilidade Pública....”

CONSIDERACIÓNS

Ao abeiro do disposto no Texto refundido da lei de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; na Ordenanza fiscal 1.04 do Concello de Santiago de Compostela e no artigo 14.4 da Ordenanza 00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público que establece que “No suposto de beneficios fiscais nos que é precisa a declaración de interese o utilidade do Pleno municipal, éste será o órgano que resolva o expediente.”

Á vista de canto antecede, tendo en conta a documentación presentada, o informe da unidade de Servizos Sociais e da sección de Xestión Tributaria, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

PRIMEIRO.- Declarar a non concurrencia de especial interese ou utilidade municipal do proxecto de 24 vivendas de promoción pública na rúa do Castiñeiríño, nº 81 en Santiago de Compostela solicitado polo IGVS por non resultar a utilidade social municipal ou especial interese para a veciñanza de Santiago de Compostela ao non recollese na memoria do IGVS, que as vivendas sociais proxectadas favorezan dalgún modo o apoio ás familias e colectivos con menos recursos do Concello de Santiago de Compostela, segundo o establecido no artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

SEGUNDO.- Denegar a CA GALICIA CTOPV IGVS con CIF: Q6550004C a bonificación no Imposto sobre construcións, instalacións e obras solicitada por actuacións de Especial Interese ou Utilidade Pública.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión ordinaria do 23 de novembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 votos en contra, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a non concurrencia de especial interese ou utilidade municipal do proxecto de 24 vivendas de promoción pública na rúa do Castiñeiriño, nº 81 en Santiago de Compostela solicitado polo IGVS por non resultar a utilidade social municipal ou especial interese para a veciñanza de Santiago de Compostela ao non recollese na memoria do IGVS, que as vivendas sociais proxectadas favorezan dalgún modo o apoio ás familias e colectivos con menos recursos do Concello de Santiago de Compostela, segundo o establecido no artigo 8.1 da Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello de Santiago de Compostela reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

SEGUNDO.- Denegar a CA GALICIA CTOPV IGVS con CIF: Q6550004C a bonificación no Imposto sobre construcións, instalacións e obras solicitada por actuacións de Especial Interese ou Utilidade Pública.

9. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2023/00030363F.**
ESTIMACIÓN PARCIAL DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR TRALUSA “AUTOBUSES URBANOS DE LUGO E TRAP, SA”, E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NA LIQUIDACIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE 2022.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Visto o recurso de reposición interposto o día 1 de agosto de 2023, pola entidade AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, SA Y TRAP SA, UTE, LEY 18/ 1982, TUSSA SA con documento oficial de identificación ESU70032974, operadora do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, contra acordo do Pleno da Corporación, de data 13 de xullo de 2023 de “aprobación do expediente de recoñecemento de débeda e abono dunha indemnización substitutiva, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros do ano 2022, por importe de 374.526,09 €.

A entidade alega, as seguintes cuestións:

- Improcedencia da aplicación da variable compromiso de viaxeiros
- Erro no informe TUSSA no cálculo da tarifa media ponderada
- Indevida imputación de determinados ingresos á concesionaria.

CONSIDERACIÓNS

En relación con elo e á vista do informe emitido pola entidade municipal xestora do transporte urbano TUSSA, de data 13 de novembro de 2023, se informa.-

a) En canto á improcedencia da aplicación da variable compromiso de viaxeiros

A entidade recorrente fundamenta a súa impugnación, en que para o cálculo da indemnización correspondente á entidade *“tomouse en consideración, á diferenza do 2020 e 2021, a variable “compromiso de viaxeiros”, de forma que o importe da compensación económica a favor da concesionaria nese exercicio resulta substancialmente inferior ao que razoablemente debería aprobarse posto que aquel vén a penalizar á miña representada, nos termos previstos na cláusula 33 do Prego de Condicións, ao resultar materialmente imposible para ela acadar, no exercicio 2022, o número de viaxeiros transportados cifrados en concepto de “compromiso de viaxeiros”. Imposibilidade material esta que, como seguidamente veremos, en modo algún pode ser imputable a TRALUSA, como así resultaría de non estimarse o presente recurso de reposición”*.

O compromiso de viaxeiros aplícase en base ás consideracións que se recollen na sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 218/2021, de 25 de maio e, en canto a determinación do “compromiso de viaxeiros do ano 2022, se considera que non se produciron restricións que impediran á empresa operadora transportar o número de viaxeiros comprometidos, posto que se xa tiñan superado os efectos económicos da pandemia provocada pola difusión do COVID 19 e non consta se adoptara medida sanitaria algunha que puidera afectar á prestación do servizo.

b) Sobre o erro no informe TUSSA no cálculo da tarifa media ponderada

Neste punto a empresa concesionaria sinala que existe un erro no cálculo da tarifa media xa que esta debería ascender a 0,417341 euros/viaxeiros en lugar de 0,456476 € que figura no informe.

Remata o recurso indicando que *“tendo en conta que no número total de viaxeiros transportados, incluíndo o servizo do aeroporto, foi de 6.094.706 -segundo recoñece o Informe TUSSA- a tarifa media ponderada sería de 0,417341 euros/viaxeiro (2.543.571,82 €/6.094.706 viaxeiros). Do que se conclúe que a eventual penalización que no seu caso procedería (quod non) sería dun total de 764.166,32 euros e non de 835.819,42 € como sinala o Informe TUSSA”*.

Efectivamente se detectou, xa de oficio, por parte da administración, a existencia dun erro material no cálculo da tarifa media, cuestión que xa foi informada por esta Xefatura de Servizo, propoñéndose a aprobación do recoñecemento extraxudicial da débeda e o abono dunha indemnización substitutiva, por importe de 71.765,14 €, poren o erro detectado non coincide tampouco coa cantidade reclamada pola entidade, por este concepto.

O número de viaxeiros totais (incluíndo o aeroporto) é de 6.095.595, é o total da recadación é de 2.543.571,82 €, en base a elo a tarifa media ascendería a 0,417280 €/viaxeiro en lugar do 0,456475 € que figura no informe base da liquidación do ano 2022.

Polo tanto, a penalización correcta ascendería a 764.054,28 € (7.403.234 - 5.572.199) x 0,417280).

En consecuencia, procedería aboárselle a empresa concesionaria 71.765,14 € polo erro no cálculo da penalización polo compromiso de viaxeiros.

A entidade fai uns cálculos distintos, pois parte dun número de viaxeiros diferente, segundo se recolle no recurso, o número máximo de viaxeiros sería 6.094.706, aplicándolle o total da recadación que é de 2.543.571,82 €, a tarifa media sería entón de 0,417341.

En relación con elo, procede estimar a corrección do erro padecido, segundos números efectuados polo Concello e, no seu caso, aprobar o recoñecemento extraxudicial da débeda e aboar unha indemnización substitutoria, por importe de 71.765,14 €.

En canto á procedencia de estimar o erro material padecido, á vista dos informes emitidos polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. con data 17 de outubro de 2023, a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 7 de novembro de 2023 e o resto da documentación incorporada ó expediente.

Tendo en conta a Base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitárase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores. O recoñecemento extraxudicial esixe:

- a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto.

A competencia para este acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

c) Indebida imputación de determinados ingresos á concesionaria

Sinala no recurso que o informe de TUSSA lle imputa uns ingresos de 56.000 € + IVE e 12.032,00 € + IVE polo servizos especiais do Son do Camiño e do concerto de Imagine Dragons, respectivamente, de maneira indebida porque non foron xerados por TRALUSA.

O informe realizado para o servizo de transporte discrecional do Son do Camiño, que lle foi entregada a empresa concesionaria e que figura no seu recurso (páxina 16), sinala que *“para a realización do servizo, e dado o estado e dimensionamento da frota do transporte urbano, precisa recorrer a medios técnicos e humanos auxiliares a aportar pola empresa operadora, esta frota auxiliar e segundo as estimacións proxectadas, realizará un total de 350 km por autobús/día que serán aboadas segundo o recollido prego de condicións de acordo cos custos prezo/km complementario resultante. Así mesmo o servizo nocturno realizarase coa frota da rede urbana coas mesmas condicións establecidas no prego segundo recollo o artigo 24 do prego de condicións”*.

Posteriormente, e no mesmo informe, se lle indica a maneira correcta de proceder coa factura ao indicarlle que *“a operadora de transporte facturará a empresa responsable*

do evento: UTE formada por Old Navy Port Producciones, S.L. y Esmerarte Industrias Creativas, S.L., con N.I.F. U27852417, a cantidade de 56.000 € + IVE, esta cantidade será tida en conta na liquidación correspondente, dentro do apartado ingresos totais do exercicio, e concretamente coma ingresos por outros conceptos”.

Se a empresa concesionaria cumprise coas indicacións do Concello recibiría o ingreso extraordinario que se lle imputa polo que a única responsable de non obter ese ingreso é de TRALUSA e non de TUSSA nin do Concello de Santiago.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

a) Estimar parcialmente o recurso presentado pola entidade AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, SA Y TRAP SA, UTE, LEY 18/ 1982, TUSSA SA con documento oficial de identificación ESU70032974, operadora do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, contra acordo do Pleno da Corporación, de data 13 de xullo de 2023 de “aprobación do expediente de recoñecemento de débeda e abono dunha indemnización substitutiva, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros do ano 2002, no senso de recoñecer o erro material padecido no cálculo da tarifa media ponderada, en base ás consideracións expostas e rexeitar o resto das cuestións alegadas pola entidade, tanto en canto o compromiso de viaxeiros, como das cantidades imputadas como ingresos da concesionaria, en base ó argumentado.

b) De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, previo informe da Intervención Xeral do Concello, **aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e o abono dunha indemnización substitutiva** recoñecendo a débeda contraída, pola subsanación do erro material e aritmético relativo ó cálculo do “Compromiso de Viaxeiros” no acordo da Pleno da Corporación de 13 de xullo de 2023, de aprobación da liquidación da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros do ano 2022, por importe de setenta e un mil, setecentos sesenta e cinco mil euros, con catorce céntimos (71.765,14.-), a favor de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap,S.A.,UTE Ley 18/1982”, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.”

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2023/1363 e con resultado Fiscalización de conformidade.

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión ordinaria do 23 de novembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 votos en conta correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

a) Estimar parcialmente o recurso presentado pola entidade AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, SA Y TRAP SA, UTE, LEY 18/ 1982, TUSSA SA con documento oficial de identificación ESU70032974, operadora do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, contra acordo do Pleno da Corporación, de data 13 de xullo de 2023 de

“aprobación do expediente de recoñecemento de débeda e abono dunha indemnización substitutiva, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros do ano 2002, no senso de recoñecer o erro material padecido no cálculo da tarifa media ponderada, en base ás consideracións expostas e rexeitar o resto das cuestións alegadas pola entidade, tanto en canto o compromiso de viaxeiros, como das cantidades imputadas como ingresos da concesionaria, en base ó argumentado.

b) De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, previo informe da Intervención Xeral do Concello, **aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e o abono dunha indemnización substitutiva** recoñecendo a débeda contraída, pola subsanación do erro material e aritmético relativo ó cálculo do “Compromiso de Viaxeiros” no acordo da Pleno da Corporación de 13 de xullo de 2023, de aprobación da liquidación da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros do ano 2022, por importe de setenta e un mil, setecentos sesenta e cinco mil euros, con catorce céntimos (71.765,14.-), a favor de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap,S.A.,UTE Ley 18/1982”, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

10. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: **2022/00051244P.**
LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DE EXPEDIENTES DE RECOÑECEMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO POLOS GASTOS DE RENOVACIÓN DE VEHÍCULOS DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Na Memoria Xustificativa elaborada por esta Xefatura de Servizo, en relación co recoñecemento da débeda derivada da substitución de vehículos na prestación do servizo urbano colectivo de viaxeiros e o abono á entidade operadora do transporte urbano dos custos derivados do alugueiro destes vehículos de substitución, operada no ano 2022, fai constar, estre outros extremos, o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 28 de novembro de 2022, acorda:

1.- Aprobar, por razón de necesidade urxente e inminente, a substitución de 9 vehículos adscritos o transporte urbano colectivo de viaxeiros levado a cabo pola empresa AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, S.A. Y TRAP S.A., Lei 18/1982, que se detallan, como sigue:

Matricula do vehículo	Nº de autobús
8249-FPJ	1971
8768-FPJ	1974
4671-FKG	888
9528-FWM	2335

1178-CJH	1958
8649-FPJ	1973
9943-FWM	2341
6031-FPJ	1967
8608-GRP	2357

E a substitución de dous vehículos da liña 7, prestada pola operadora RIAS BAIXAS S.L.

Matrícula dos vehículos
3017-GJV
9773-DFZ

2.- Aprobar a incorporación de 9 vehículos adscritos ó servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros que serán facilitados pola empresa Autobuses Urbanos de Lugo y TRAP, S.A. UTE Lei 18/1982, con CIF U70032974, operadora do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, no prazo de 30 días a contar dende a notificación do acordo e que será aboado polo Concello como indemnización polo déficit na prestación do servizo, a razón de 5.165 €, por vehículo/mes ata que se proceda á sinatura do acta de inicio da prestación do servizo por parte do adxudicatario do novo contrato de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do concello de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa.

Aprobar a incorporación de 2 vehículos adscritos ó servizo de prestación da liña 7 do transporte urbano, que serán facilitados pola entidade operadora da mesma RIAS BAIXAS S.L., con CIF B3601999-0, de xeito inmediato e que será aboado polo Concello como indemnización polo déficit que supón a prestación do servizo a razón de 150 €/día, por día de servizo, por cada un deles.

Asemade, se aproba a adscrición dun terceiro vehículo Crossway, con data de matriculación de 2016, como vehículo de substitución dos anteriores e sen custe algún para o Concello, para o suposto de que foxe necesario.

3.- Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa UTE TRAPSA-AULUSA, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 15 de febreiro de 2006, en base ás consideracións que se fixeron constar no acordo da Xunta de Goberno de 2 de febreiro de 2022 e que seguen a manterse nos mesmos termos ata que se leve a cabo a acta de inicio da prestación do servizo por parte do adxudicatario do novo contrato de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do concello de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa. Ase como a continuidade da prestación da Liña 7 San Roque-Aríns, pola entidade Autocares Rias Baixas S.L., nas condicións acordadas pola Xunta de Goberno Local o 14 de marzo de 2013.

Neste acordo, entre outras consideracións faciase constar que a adopción do mesmo deriva da existencia dunha necesidade e urxente e inapelable, especialmente

relevante, xa que as corporacións municipais non poden deixar de asumir as súas competencias en materia de transporte urbano de viaxeiros, máxime cando se trata do exercicio dunha irrenunciable.

Non pode esquecerse que non estamos ante un contrato de obra ou subministro cuxo cumprimento se perfecciona coa entrega, estamos ante un contrato de prestación de servizos que non pode suspenderse sen que se deriven delo consecuencias importantes para o interese público.

Na devandita Memoria Xustificativa desta Xefatura de Servizo, tamén se facía constar a motivación da non inclusión destes custes a liquidación do transporte urbano correspondente ó ano 2022, sinalando o seguinte:

Posteriormente o Pleno da Corporación de data 13 de xullo de 2023, acordou: “aprobar o expediente de recoñecemento de débeda e abono dunha indemnización substitutiva, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros do ano 2022, por importe de 374.526,09 €, a favor de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap, SA, UTE Lei 18/1982”.

Dito acordo está baseado no informe emitido polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA, con data 6 de xullo de 2023, ademais a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 7 de xullo de 2023, o informe de fiscalización do Sr. Interventor Xeral do Concello, de data 10 de xullo de 2023, e resto de documentación incorporada ao expediente.

No momento de proceder á realización do informe de liquidación do transporte urbano, do ano 2022, non se tivo en conta o aluguer dos vehículos porque, na data de incorporación, prevíase que o novo contrato de transporte urbano, puidese estar operativo nos últimos meses do presente ano 2023, polo que entendíase que a mellor opción era incorporar este custo na liquidación final do contrato.

A Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2023, acordou: Declarar, por razón de interese público, a desistencia do procedemento de adxudicación da Xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela (CON_SERV/ABR/CO7.01/2021000042).

Na actualidade estase a iniciar os actos preparatorios do novo contrato; poren, o que está claro é que neste ano non se vai poder adxudicarse, por elo e de conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno de 28 de novembro de 2022, o importe correspondente ó abono da renovación de seis autobuses da flota destinada ó transporte colectivo urbano de viaxeiros que forma parte do déficit xerado polo servizo e se debe ter en conta no momento de realizar a liquidación do transporte urbano, polo que se estima procede a incrementar na liquidación do ano 2022, o importe dos vehículos que se incorporaron nese ano.

Remitidos os expedientes de recoñecemento extraxudicial de débeda e abono de indemnización substitutiva ás entidades TRALUSA e Rias Baixas á Intervención Xeral do Concello, o Sr. Interventor emite informes, con data 20 de novembro de 2023, sobre a cuestión e conclúe, o seguinte:

Informase desfavorablemente a proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito por gastos derivados da substitución de seis vehículos de transporte colectivo urbano

de viaxeiros durante o ano 2022 e abono dunha indemnización por importe de 17.660,66 euros, en favor da operadora Autobuses Urbanos de Lugo y Trap S.A., UTE Ley 18/1982 (CIF: U70032974), por considerar, nos termos expostos no presente informe, que non se acredita que o importe proposto se corresponda coa indemnización a aboar a prestaria, polo que non se da cumprimento as esixencias do artigo 189.1 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Base 25ª das de execución dos orzamentos municipais vixentes.

Informase desfavorablemente a proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito por gastos derivados da substitución de dous vehículos de transporte colectivo urbano de viaxeiros durante o ano 2022 e abono dunha indemnización por importe de 29.250,00 euros, en favor da operadora Autocares Rias Baixas S.L. (CIF: B36019990), por considerar, nos termos expostos no presente informe, que non se acredita que o importe proposto se corresponda coa indemnización a aboar a prestaria, polo que non se da cumprimento as esixencias do artigo 189.1 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Base 25ª das de execución dos orzamentos municipais vixentes.

Sobre a base de todo o anterior esta Intervención non dispón doutra alternativa que formular a súa desconformidade con estes gastos mediante a presente nota de reparo de forma previa a adopción do acordo de gasto correspondente, en aplicación do disposto no artigo 215 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Por aplicación do artigo 216.2.b) deste último corpo legal, debe suspenderse a tramitación do expediente ata que a discrepancia se solucione dada “a omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais”.

Se a unidade xestora estivese en desacordo coa discrepancia exposta, poderá expoñer ante esta Intervención o seu criterio, e só en caso de que se mantivera a discrepancia a unidade xestora elevará proposta de levantamento da nota de reparo o Pleno da Corporación, sendo esta facultade indelegable e o acordo que se dite executivo.

De ser o caso, tal resolución de levantamento de reparo non terá porque conter outro pronunciamento que o de levantar o reparo no senso que poida propoñer a unidade xestora xustificadamente, sen que proceda incluír a aprobación do gasto que corresponda pero permitindo que se prosiga coa tramitación.

O acordo de levantamento de reparo deberá ser notificada a esta Intervención para os efectos previstos no artigo 218 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En relación co manifestado no informe do Sr. Interventor, ten que puntualizarse que, a respecto da falta de acreditación do importe a indemnizar e aboar á prestataria do servizo, que consta no acordo e no expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local de 28 de novembro de 2022, as seguintes cuestións que deben terse en conta:

1.- No informe de TUSSA de 24 de novembro de 2022, no que consta de xeito expreso a evolución da substitución dos vehículos adscritos ó transporte urbano dende o inicio do contrato e a situación actual, manifestando expresamente:

Á vista do exposto, resulta evidente que un dos motivos do envellecemento da flota é a non renovación de flota prevista para o ano 2015, o que sen dúbida fai aumentar a idade media da flota e as súas consecuencias no servizo, e en segundo lugar a demora na posta en marcha do novo contrato.

Con todo, aínda que somos conscientes das dificultades de manter unha flota obsoleta, e da situación precaria da actual relación contractual, isto, non exime ao operador de atender as distintas ordes de continuidade do servizo onde se reflicte que o prego de condicións é a base a seguir nas relacións co contratista.

2.- Asemade, no informe se recolle de xeito detallado cales son as avarías que presentan os vehículos actualmente adscritos ó servizo e as labores de mantemento que se levan a cabo cos mesmos; pero aínda así se conclúe a necesidade imperiosa e inminente de substituír unha serie deles, por deficiencias que os fan inútiles para a prestación do servizo. Se aporta un informe elaborado pola entidade INPENOR, Gabinete de Ingeniería y Peritaje del Noroeste, con CIF B15580376, de novembro do ano 2022, no que se analiza o estado de varias unidades dos autobuses urbanos de Santiago.

En consecuencia, ten que manifestarse que se fixo un seguimento exhaustivo do estado dos vehículos e das labores de mantemento realizadas pola operadora, polo tanto, as necesidades de substitución dos vehículos foi estudada de xeito exhaustivo e concienzudo, para concluír a necesidade imperiosa, inmediata e improrrogable de substituír unha serie de vehículos para poder seguir a prestar o servizo.

3.- En derradeiro lugar, no acordo se recollen tamén as actuacións levadas a cabo pola empresa xestora do transporte urbano TUSSA, en relación coa proposta de renovación da flota, do seguinte xeito:

Dende TUSSA solicitouse a dúas empresas de venda de autobuses (Mercedes Benz e Solaris) importe sobre o aluguer de vehículos para poder substituír, de maneira temporal (dous anos), os vehículos en mal estado. Ambas empresas indicaron que non dispoñen de vehículos de transporte urbano para aluguer sinalando que a única opción que eles dispoñían era un renting a dous anos por vehículos novos.

Mercedes Benz enviou un correo electrónico, que se acompaña, no que sinala os prezos do renting a 24 meses para vehículos diésel e híbridos de 10 e 12 metros. O problema desta solución é que non se disporá dos vehículos ata xullo de 2023.

Solaris sinala que o custe dun renting a 24 meses, para un vehículo diésel de 12 metros ascende a 12.500 euros mes cun prazo de entrega de 9 meses polo que tampouco é unha solución viable.

Ademais solicitouse unha proposta de aluguer a unha empresa de venda de vehículos de segunda man. Esta empresa presentou unha proposta por 8 vehículos de transporte urbano matriculados no ano 2009 (vehículos de máis de 13 anos) por un importe mensual de 1.650 € + IVA por vehículo.

Polo tanto, entendo que, aínda que efectivamente non se seguiu un expediente de contratación administrativa para a adquisición dos vehículos de substitución e a súa posta a disposición para a prestación do servizo, si se fixeron consultas ó mercado para coñecer cales eran os prezos medios dos alugueres de vehículos, polo que

entendemos que se acredita o importes dos alugueiros dos autobuses de substitución en relación cos prezos de mercado.

Asemade, considero relevante o que se fai constar no acordo de substitución de vehículos á respecto das queixas constantes da cidadanía, pola prestación deficiente do servizo de transporte urbano, manifestado non so directamente ó Concello, senón tamén nos medios de comunicación, xuntándose ó expediente un dossier no que se recollen as notas de prensa relativas á cuestión, facendo ver a preocupación dos cidadáns usuarios do transporte público sobre o estado dos medios polos que se presta o servizo.

A conclusión de TUSSA a respecto da situación dos vehículos da flota de autobuses, foi a seguinte, tal e como recolle o acordo, a necesidade, nun primeiro momento de procurar a incorporación dun total de 9 autobuses ó servizo ordinario de transporte urbano operado pola empresa operadora TRALUSA e 2 autobuses para a empresa operadora Autocares Rías Baixas.

Na proposta de resolución formulada por esta Xefatura de Servizo e incluída no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 28 de novembro de 2022, se recolle, a xustificación á adopción desta medida de substitución de vehículos e a elo teño que remitirme, destacando o seguinte:

O réxime xurídico aplicable á situación plantexada tendo en conta da inexistencia de contrato administrativo vixente que ampare a prestación do servizo, consta no informe de asesoría xurídica do concello emitido, con data 27 de xullo de 2022 no que se fan constar unha serie de consideracións que resultan de aplicación non so ó suposto que estase a tratar senón, como o mesmo informe salienta a todos aqueles expedientes de gasto, polo pago de facturas derivadas da prestación dun servizo, nestas circunstancias (sen relación contractual que o ampare), sendo aplicable ó mesmo ó réxime de omisión da función interventora e, no seu caso, de recoñecemento extraxudicial de débedas.

En base a elo, se fan as seguintes consideracións:

Primeiro.- O artigo 28.2.e) do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local debe interpretarse no sentido de que a ausencia de procedemento de contratación e a posible valoración da concorrencia dunha causa de nulidade apreciada pola intervención no informe de omisión de fiscalización non debe levar necesariamente ao procedemento de revisión de oficio dos actos administrativos, sempre que a indemnización que habería que abonar ao contratista para evitar o enriquecemento inxusto da Administración non sexa inferior ao importe do expediente de gasto, e sempre que concorran as circunstancias do art. 110 do LPAC, debendo quedar estes extremos suficientemente acreditados.

Efectivamente, neste caso, está claro que a indemnización a aboar ó contratista está totalmente xustificada e en modo algún pode ser inferior ó expediente de gasto que no seu día se tramite e, por outra banda, concorren as circunstancias do artigo 110 da LPAC xa que, non procede tramitar un expediente de revisión de oficio, cando se ten xustificado a necesidade inescusable e irrenunciable do exercicio da competencia de prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, tal e como se fai constar nos distintos acordos de continuidade na prestación do servizo, o derradeiro deles da Xunta de Goberno Local de 7 de febreiro de 2022, nos que queda xustificado

que razón superiores de interese público determinarían que o exercicio dunha acción de revisión sería contrario á equidade, a boa fe e o dereito dos particulares.

Segundo.- O non resultar procedendo tramitar un expediente de revisión de oficio, debe tramitarse un expediente recoñecemento de débeda, procedendo o abono dunha indemnización ó prestatario fundamentada na doutrina do enriquecemento inxusto do Concello, sen que tampouco resulte procedente a tramitación dun expediente de responsabilidade patrimonial, cuestión que se xustifica na Memoria elaborada por esta Xefatura de Servizo, con data 25 de novembro de 2022.

Terceiro.- Entendemos que a noso xuízo, tamén se xustifica que os prezos a aboar ás operadoras do servizo se axustan ós prezos de mercado, coas consultas realizadas por TUSSA e que se recollen no informe presentado pola entidade.

Cuarto.- En todo caso, tal e como se recollía na proposta de aprobación da substitución de vehículos, está claro que esta forma de proceder non é o desexable e en cumprimento da lexislación contractual, os contratos non deberían estenderse máis aló do seu prazo de execución, elo non empece que teña que darse cobertura xurídica a aqueles gastos que son de utilidade e resultan necesarias en razón á natureza do servizo, sendo ademais as estritamente imprescindibles para atender á necesidade que as motiva, amparados polos principios de boa fe e confianza lexitima, levados a cabo dentro do marco da orde de continuidade ditada pola administración.

Polo tanto, neste suposto nos que e necesario e urxente levar a cabo a substitución dunha serie de vehículos, concretamente 9 dos destinados ó transporte colectivo urbano de viaxeiros levado a cabo pola operadora TRALUSA e 2, para a prestación da liña 7, operada pola entidade RIAS BAIXAS S.L., por unha manifesta obsolescencia e inutilidade dos mesmos, considero que debe foi acertada a aprobación de dita actuación, co custo por vehículo que se detalla no informe de TUSSA e que, segundo se manifesta no mesmo, están dentro dos presos do mercado e que será o seguinte:

- 9 vehículos a incorporar o servizo do transporte colectivo urbano de viaxeiros pola operadora TRALUSA (dos que 6 son completamente novos e 3 que farían un ano en febreiro de 2023, a razón de 5.165 € vehículo ó mes. Estes vehículos estarían a disposición do concello nun prazo de 30 días dende que a entidade foxe requirida para elo.

- 2 vehículos, un Iveco e outro Crossway cun custo de 150€/día. O primeiro deles matriculado este ano e o segundo o ano pasado a incorporar ó servizo de prestación do transporte urbano da liña 7, pola operadora RIAS BAIXAS S.L. A entidade propón poñer un terceiro vehículo a disposición do Concello, matriculado no ano 2016, sen ningún custo, como vehículo de substitución en caso de avaría dalgún dos outros.

O Concello estaría a asumir este gasto e polo tanto indemnizar ás empresas do correspondente déficit que les supoñe la prestación del servicio, segundas cantidades sinaladas, ata o asinamento da acta de inicio da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, do novo contrato que se adxudique, no que se incluírán tódalas liñas actuais, incluída a liña 7.

En canto ás garantías, neste caso, non se considera necesaria a constitución de garantías en razón a natureza dos servizos prestados e tendo en conta a existencia das mesmas, xa que non foron devoltas as que se depositaron para responder da relación contractual.

CONSIDERACIÓNS

Ademais da lexislación aplicable a que se fai referencia no acordo de substitución de vehículos e que non se recolle neste punto, para evitar reiteracións innecesarias, en relación coa cuestión relativa ó reparo formulado pola Intervención Xeral do Concello, resulta de aplicación:

Artigos 215, 216 e 218 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Bases 25 e 30 das Bases de Execución do Orzamento 2022.

Artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos.

A competencia para o levantamento do reparo é do Pleno da Corporación, tal e como se fai constar no artigo 216 da Lei de Facendas Locais, indicando que cando ó órgano ó que afecte o reparo non estivera de acordo con este, corresponderá o Pleno da Corporación a resolución das discrepancias, o referirse a obrigas e gastos cuia aprobación sexa da súa competencia, como neste caso, nos que estaríamos no suposto previsto na Base 30 das de Execución do Orzamento do 2022, que dispón que a competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos é do Pleno da Corporación.

En canto as consideracións a ter en conta para o levantamento do reparo remítome o exposto nos antecedentes, posto que considero que tanto no informe de TUSSA do 25 de novembro de 2022, como na Memoria Xustificativa elaborada por esta Xefatura de Servizo e na Proposta de Resolución asinada, por esta mesma Xefatura e polo Concelleiro Delegado de Mobilidade de data 25 de novembro, se recollen polos miúdo as motivacións que determinaron a adopción do acordo de substitución de vehículos e o importe que elo suporía para o Concello, para a necesaria e inescusable prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

PRIMEIRO.- Acordar o levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral do Concello, en relación coa proposta de recoñecemento de débeda pola renovación de seis vehículos da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros durante o ano 2022, a prol da operadora Autobuses Urbanos de Lugo y Trap, S.A. Ute Ley 18/1982, con CIF U70032974 e aprobación dunha indemnización substitutiva á entidade por importe de 17.660,66 €.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes á renovación de seis autobuses do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros do ano 2022 (2 vehículos o 13 de decembro e 4 vehículos o 15 de decembro ata o 31 de decembro), por importe de dezasete mil, seiscentos sesenta mil euro, con sesenta e seis céntimos (17.660,66.-), a favor de

“Autobuses Urbanos de Lugo y Trap,S.A., UTE Ley 18/1982”, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

TERCEIRO.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes á renovación de dous vehículos adscritos o servizo de transporte urbano liña 7 incorporados no ano 2022 (7/09/2022 a 31/12/2022), por importe de vinte nove mil douscentos cincuenta mil euros (29.250.-), a favor de “Autocares Rias Baixas S.L., con CIF B36019990, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

CUARTO.- Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa UTE TRAPSA-AULUSA, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 15 de febreiro do 2006, en base ás consideracións que se fixeron constar no acordo da Xunta de Goberno de 2 de febreiro do 2022 e que seguen a manterse nos mesmos termos ata que se leve a cabo a acta de inicio da prestación do servizo por parte do adxudicatario do novo contrato de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do concello de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa. Ase como a continuidade da prestación da Liña 7 San Roque-Aríns, pola entidade Autocares Rias Baixas S.L., nas condicións acordadas pola Xunta de Goberno Local o 14 de marzo do 2013.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión ordinaria do 23 de novembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

PRIMEIRO.- Acordar o levantamento do reparo formulado pola Intervención Xeral do Concello, en relación coa proposta de recoñecemento de débeda pola renovación de seis vehículos da prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros durante o ano 2022, a prol da operadora Autobuses Urbanos de Lugo y Trap, S.A. Ute Ley 18/1982, con CIF U70032974 e aprobación dunha indemnización substitutiva á entidade por importe de 17.660,66 €.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes á renovación de seis autobuses do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros do ano 2022 (2 vehículos o 13 de decembro e 4 vehículos o 15 de decembro ata o 31 de decembro), por importe de dezasete mil, seiscentos sesenta mil euro, con sesenta e seis céntimos (17.660,66.-), a favor de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap,S.A., UTE Ley 18/1982”, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

TERCEIRO.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes á renovación de dous vehículos adscritos o servizo de transporte urbano liña 7 incorporados no ano 2022 (7/09/2022 a 31/12/2022), por importe de vinte nove mil douscentos cincuenta mil euros (29.250.-),

a favor de “Autocares Rias Baixas S.L., con CIF B36019990, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

CUARTO.- Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa UTE TRAPSA-AULUSA, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 15 de febreiro do 2006, en base ás consideracións que se fixeron constar no acordo da Xunta de Goberno de 2 de febreiro do 2022 e que seguen a manterse nos mesmos termos ata que se leve a cabo a acta de inicio da prestación do servizo por parte do adxudicatario do novo contrato de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do concello de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa. Ase como a continuidade da prestación da Liña 7 San Roque-Aríns, pola entidade Autocares Rias Baixas S.L., nas condicións acordadas pola Xunta de Goberno Local o 14 de marzo do 2013.

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A RETIRADA DO RADAR DE CONXO.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“No ano 2019 os medios de comunicación daban conta da decisión do Goberno local de instalar un radar á altura da coñecida como glorieta de Conxo. Ese radar non só se utiliza en Conxo senón que tamén presta servizo no Restollal. Se ben había consenso en que ese radar parecía ser máis necesario no segundo punto como elemento disuasorio, a opción foi utilizalo a maioría do tempo no primeiro. O número de multas que se impoñían fixo evidente que o motivo principal para que estivese case todo o tempo en Conxo era claramente recadar.

Pasado o tempo esa realidade non mudou. No ano 2022, o radar estivo no Restollal dous meses e medio, cun resultado de 1.802 multas; e en Conxo 9 meses o que significou 23.730 sancións. No 2023 o radar non se colocou nin un só día no Restollal e, en Conxo, estivo todas as xornadas que se mantivo activo, polo que ata o pasado 30 de setembro xa tiña posto 10.115 sancións, unha realidade que ven a confirmar que o seu obxectivo é unicamente económico.

Recentemente, o Goberno nacionalista anunciou a municipalización do servizo que xestiona este radar. Desde o Partido Popular pensamos que o recadado polo Concello con este radar non pode considerarse ano tras ano como un ingreso ordinario para as arcas municipais.

O Partido Popular cree que para municipalizar este servizo, este proceso debe recoller unhas actuacións concretas, e de non ser así debería iniciarse un novo proceso de licitación pero cunhas condicións económicas máis favorables para o Concello. Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Que o proceso de municipalización que quere levar cabo o Goberno Local do servizo de xestión de multas de tráfico que inclúe ao radar de Conxo, conleve a súa retirada inmediata do radar situado en Conxo en ambos sentidos da circulación.

Segundo.- Que este proceso de municipalización que quere levar cabo o Goberno local non supoña ningunha subrogación de traballadores que poida derivar nun proceso de funcionarización.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e 14 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE), **rexeita** a proposición presentada.

Faise un receso ás 12:00 horas, continúa a sesión ás 12:34 horas.

12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ELABORACIÓN DUNHA AXENDA DEPORTIVA DE DIVULGACIÓN DE TODAS AS ACTIVIDADES DO DEPORTE QUE SE CELEBRAN EN SANTIAGO.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“Santiago conta cunha importante, cuantitativa e cualitativamente, comunidade deportiva, en diversas e múltiples disciplinas e categorías que, sen embargo é descoñecida para gran parte da veciñanza que Santiago, xa que a información sobre a actividade deportiva na cidade e a celebración de eventos deportivos que reciben os cidadáns é parcial e incompleta.

A asistencia a partidos, competicións e eventos deportivos non só é unha recompensa que os deportistas merecen polo seu esforzo e valía, senón que se converte nunha oportunidade única de visibilización entre veciños, empresas e patrocinadores.

A día de hoxe non é posible acceder a unha fonte de información completa e fiable que permita coñecer a totalidade da actividade competitiva do deporte na cidade.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Que o Concello elabore unha axenda deportiva única dispoñible en formato dixital que inclúa a actividade semanal de todos os clubs deportivos da cidade, de calquera disciplina e categoría, que permita á veciñanza coñecer a participación dos ditos clubs nas distintas competicións.

Segundo.- Que o Concello divulgue a axenda deportiva e en xeral a actividade deportiva da cidade ao través da súa web e das redes sociais (facebook, X, instagram, etc...) corporativas do Concello.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Que o Concello elabore unha axenda deportiva única dispoñible en formato dixital que inclúa a actividade semanal de todos os clubs deportivos da cidade, de calquera disciplina e categoría, que permita á veciñanza coñecer a participación dos ditos clubs nas distintas competicións.

Segundo.- Que o Concello divulgue a axenda deportiva e en xeral a actividade deportiva da cidade ao través da súa web e das redes sociais (facebook, X, instagram, etc...) corporativas do Concello.

13. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVO Á CREACIÓN DUNHA BOLSA DE APARCAMENTO EN SUPERFICIE NA RÚA XOAN XXIII.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“Exposición de motivos

O Grupo Municipal Socialista continuando coas súas políticas de mobilidade sustentable en todo o ámbito urbano e co obxectivo de conseguir un calmado do tráfico que garanta a convivencia entre os peóns, os vehículos e os medios de transporte alternativo, presenta ao Pleno da Corporación esta proposición para actuar na avenida Xoán XXIII.

Tal e como viña facendo durante o último mandato noutras zonas da cidade, nas que acordou a redución da velocidade ata 20 km/h, considera que agora que se están a rematar as obras na rúa da Pastoriza, é o momento de acometer a reordenación do tráfico dese ámbito, así como unha reestructuración do aparcadoiro en superficie nesta rúa.

A actuación que propoñemos busca a mellora da mobilidade e solucionar un importante problema de prazas de aparcamento nas rúas Costa Nova de Arriba, Travesía da Costa Nova, rúa Loureiros, A Estila, ruela da Estila, Ultreia, rúa Espírito Santo, Avenida de Salamanca, rúa de Oviedo, Avenida de Coimbra, Pastoriza e Xazmíns, un ámbito que conta con aproximadamente 2000 vivendas dos anos 60 e 70 que non dispoñen na súa gran maioría de prazas de aparcamento propias.

Por iso, o goberno socialista, despois dunha xuntanza coa asociación de As Marías na rúa do Espírito Santo, encargou un proxecto ao departamento de obras que permitiría pasar de 23 a máis de 100 prazas de aparcadoiro na rúa Xoan XXIII.

Este proxecto cambia o aparcamento existente en liña por prazas en batería, suprimindo un carril de circulación en cada sentido e incorporando tamén un carril bici.

Trátase dunha obra que non ten un gran custo, porque a actuación suporía principalmente o cambio só na sinalización vertical e horizontal, contribuíndo a pacificar o tráfico na rúa e daría resposta ás necesidades de aparcamento que ten a veciñanza de todo o barrio, con edificios antigos que non teñen, na súa maioría, parking propio e veñen demandando desde hai tempo unha nova bolsa de aparcadoiro.

Por todo iso, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Que o goberno municipal execute, á maior brevidade posible, o proxecto redactado no departamento de obras en maio de 2023, cando gobernaba o grupo socialista, e dea así resposta á demanda de aparcamento que veñen reclamando as veciñas e veciños das rúas anteriormente mencionadas, co obxectivo tamén de conseguir un calmado do tráfico e a execución dun carril bici na rúa Xoán XXIII.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que o goberno municipal execute, á maior brevidade posible, o proxecto redactado no departamento de obras en maio de 2023, cando gobernaba o grupo socialista, e dea así resposta á demanda de aparcamento que veñen reclamando as veciñas e veciños das rúas anteriormente mencionadas, co obxectivo tamén de conseguir un calmado do tráfico e a execución dun carril bici na rúa Xoán XXIII.

14. TOMAR COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas comprendidas entre o 20 de outubro e o 23 de novembro de 2023, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén toma coñecemento das seguintes actas da Xunta de goberno:

ASUNTO XGL/2023/00044424S

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 17 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00044715F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 18 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00044838S

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 19 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00045054R

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00045488K

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 24 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00046589H

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 31 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00047026H

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 6 de novembro de 2023.

15. COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO.

Comparece o concelleiro delegado de urbanismo.

16. SOLICITUDE PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE COMPARECENCIA DA ALCALDESA.

Á vista do escrito presentado polo grupo municipal do PP con data do 26 de novembro do corrente ano para a comparecencia da alcaldesa, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que na próxima sesión plenaria compareza a alcaldesa para responder ás preguntas formuladas no devandito escrito en relación ao programa SMARTIAGO.

17. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

1.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ao mantemento e limpeza das zonas verdes

na rúa Manuel Beiras.

2.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo á substitución do panel das lavandeiras sito na rúa Galeras.

3.- Formulado polo PSdeG-PSOE para que se realice un mantemento periódico de limpeza e desbroce da contorna de San Lázaro.

Preguntas orais:

1.- Formulada polo PP en relación a expediente á empresa URBASER.

2.- Formulada polo PP sobre os fondos do POS.

3.- Formulada polo PP sobre novo contrato para dinamizar e coordinar a casa Xohana Torres.

4.- Formulada polo PSdeG-PSOE relativa á iluminación do parque en Belvís.

Retírase a pregunta formulada polo PP en relación ao expediente á empresa URBASER.

18. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

As mocións que figuraban na relación da orde do día como núms. 9 e 10 foron transformadas en declaracións institucionais e tratadas ao principio da sesión.

Os textos das mocións presentadas e tratadas na sesión son as que a continuación se transcriben:

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVA AOS ATAQUES ÁS SEDES SOCIALISTAS

A sociedade galega recoñécese na pluralidade, na diversidade, no respecto e na tolerancia garantías na nosa Carta Magna. Estes mesmos valores deben ser defendidos por todas e todos aqueles que cren na democracia e na convivencia dunha sociedade na que o odio, o ataque e a hostilidade non deben ter cabida. As discrepancias e as diferenzas políticas nunha sociedade aberta e respectuosa como a galega hai que abordalas sempre a través do diálogo e da comprensión, afastándonos dos comportamentos irracionais que debemos enfrontar e rexeitar desde todas as institucións para protexer os valores democráticos da sociedade. Todo isto sempre no marco da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia como normas fundamentais da nosa convivencia como pobo.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

1. Condenar os ataques contra as sedes socialistas, así como as ameazas, insultos e ataques aos seus membros.

2. Pedir que se poña fin aos discursos de odio que fomenten comportamentos hostís contra os partidos políticos democráticos e os seus membros.

3. Mostrar o seu apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no cumprimento efectivo das súas funcións e na defensa da orde pública constitucional.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS QUE MELLOREN OS SERVIZOS DOS VECIÑOS DO RIAL DE CONXO

A veciñanza do Rial de Conxo leva anos sufrindo un total e absoluto abandono nos seus servizos básicos. Na actualidade estanse a producir numerosas inundacións ao longo do ano por problemas na canalización das augas, a parada do autobús desprazouse do seu lugar orixinal, os contedores de lixo sufriron diferentes cambios de sitio e o estado do firme ao redor das vivendas está a provocar numerosos incidentes nos viandantes, nos vehículos particulares e no transcurso da auga nos días de chuvia.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguintes acordos:

Que o Goberno local realice as xestións pertinentes para:

Primeiro.- Que se leve a cabo actuacións para a mellora da rede de recollida de pluviais nas rúas da Decoita e Rial de Conxo.

Segundo.- Que os contedores de lixo recuperen a súa localización inicial, sita na rúa Rial de Conxo.

Terceiro.- Que se traslade a marquesiña de transporte urbano ao lugar no que realiza a parada o autobús na rúa Poza Real de Arriba.

Cuarto.- Que se realicen melloras no firme das rúas da Decoita e do Rial de Conxo.

MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A MELLORA DA SINALIZACIÓN DE MONUMENTOS, ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS E TRAZADOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA CIDADE

A sinalización dos monumentos, dos establecementos turísticos e dos trazados do Camiño de Santiago que percorren o tramo urbano non son os máis axeitados, ademais de que algúns sinais mesmo están deteriorados e sucios. Tamén cremos que é necesario adaptar os nomes dos establecementos hoteleiros á realidade actual xa que algún está pendente de cambiar desde fai moitos anos.

Temos contrastado que moitas veces os peregrinos teñen dificultades para seguir o percorrido das rutas do Camiño de Santiago na cidade e mesmo se perden no final da súa peregrinación, o que prexudica tamén a nosa imaxe.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguintes acordos:

Que o Goberno local realice as accións oportunas para:

Primeiro.- Que se indiquen cunha nova e adecuada sinalización os monumentos da nosa cidade.

Segundo.- Que se melloren os sinais do percorrido dos diferentes trazados do Camiño de Santiago na cidade para que os peregrinos teñan unha sinalización máis correcta destas rutas.

Terceiro.- Que se adapten os nomes dos establecementos hoteleiros á realidade actual xa que algún está pendente de cambio desde fai moitos anos.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A REACTIVACIÓN DO PROGRAMA DO BANCO DE TEMPO

No panorama social actual, xorden iniciativas e modelos colaborativos de xestión diferentes aos modelos e formas de vida comunitarios tradicionais que contribúen á creación de redes de axuda mutua e á cobertura de determinadas necesidades das persoas. Destaca así a iniciativa “Banco de tempo”, que revaloriza o uso do tempo como medio para mellorar a calidade de vida das persoas, no que se produce un intercambio de servizos sen transacción económica e onde a moeda de cambio é o tempo.

Trátase dunha ferramenta de crecemento e desenvolvemento comunitario, que ten como obxectivo buscar alternativas que faciliten a vida diaria das persoas, ao tempo que promove valores como a solidariedade, a corresponsabilidade, a cooperación, a participación, o apoio mutuo entre iguais, e a mellora das relacións sociais, entre outros.

O Banco de tempo reflicte unha posibilidade de aumentar o apoio mutuo e colaborativo da comunidade e solucionando entre os seus membros algunhas das súas necesidades.

O que intercambian as persoas é o seu tempo para resolver cuestións ou actividades da súa vida cotiá aproveitando os seus coñecementos, habilidades ou simplemente a súa disposición persoal.

Esta iniciativa resalta as habilidades e potencialidades do ser humano como sociedade e como individuo, aproveitando os coñecementos, habilidades, competencias, talento e experiencia para ofrecelos a outras persoas que os necesitan usando como unidade de cambio o tempo. Impulsa a vida comunitaria e promove o intercambio de servizos, actividades e coñecemento entre as persoas.

Aos efectos de dar resposta a novas formas de organización que están a xurdir na sociedade actual, facilitar os medios necesarios para que as persoas dispoñan dos apoios necesarios para o seu benestar no seu entorno social, impulsar a vida comunitaria e crear unha rede de axuda mutua, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

O pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a reactivación do programa “Banco de tempo” como instrumento de cohesión social e xerador dunha relación social comunitaria vertebradora de redes de coñecemento e apoio mutuo e colaborativo entre as persoas.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DINAMIZACIÓN DOS LOCAIS COMERCIAIS BALEIROS E PARA EVITAR O PECHE DOUTROS

Desde hai anos, os comercios de Santiago teñen que facer fronte aos numerosos desafíos que o comercio electrónico, as novas tecnoloxías e, ata hai non moito a covid, viñeron a impoñer no seu día a día e que, en ocasións, non podendo afrontalos acabou co peche do negocio. Estes elementos, xunto con algún máis, veñen a

debuxar unha paisaxe de centos de locais comerciais baleiros repartidos por distintas zonas e barrios da cidade, algo realmente preocupante para o noso comercio local.

Esta situación, esta por así chamala “desertificación comercial” contribúe ademais ao deterioro da imaxe urbana, xa que non en poucas ocasións se pode apreciar un estado de falta de mantemento e conservación realmente lamentable.

O situación do comercio da cidade é delicada e complicada, e isto require de apoio e da posta en marcha de diferentes actuacións e iniciativas que consigan promover o comercio local nas zonas e rúas que hoxe languidecen e que non hai tanto tempo foron referente comercial para veciños e visitantes.

Dende o Partido Popular creemos que para poder darlle a volta este proceso de desertificación, é imprescindible crear ferramentas con datos actualizados que conformen un catálogo cos locais baleiros da cidade que axuden solucionar esta situación. Con esas ferramentas tamén se pode actuar de forma preventiva e sobre aqueles locais que, estando funcionando e con bos resultados económicos, teñen a vista o peche por falta de relevo xeracional.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Que o Goberno local cree un Censo de locais comerciais baleiros, con indicación dos datos e características mais importantes para a súa explotación comercial.

Segundo.- Que o Concello habilite as medidas necesarias para favorecer o relevo xeracional e intentar a continuidade dos negocios economicamente viables pero cuxos propietarios están próximos á xubilación.

Terceiro.- Que dende o Concello se cree un mecanismo que facilite a comunicación e relación entre propietarios dos locais comerciais e as persoas emprendedoras que queiran establecer a súa actividade comercial na nosa cidade.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DUNHA INSTALACIÓN EXTERNA NA COCIÑA ECONÓMICA, NA PRAZA IRMÁN GÓMEZ, PARA PROTEXER DA CHUVIA E DA CALOR ÁS PERSOAS USUARIAS DO CENTRO

O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento oránico municipal, presenta a seguinte moción para que a Cociña Económica dispoña dunha marquesiña para protexer ás persoas usuarias de chuva e da calor.

Exposición de motivos

A Cociña Económica de Santiago, foi promovida no ano 1891, é unha institución benéfica de carácter privado, cuxo obxectivo é facilitar e proporcionar ás persoas que contan con limitados medios económicos, alimentos e comidas a prezos módicos.

Desde á súa fundación, foron as Fillas da Caridade as encargadas dos servizos do comedor, ofrecendo comidas de luns a domingo, tamén os días festivos, con menús visados por un nutricionista.

Desde a Cociña Económica tamén se desenvolve un programa de apoio persoal e

formación aos usuarios/as que pretende proporcionar ás persoas sen recursos, un espazo onde estar durante o día, ademais de ofrecerlles a oportunidade de orientalos á inserción social e/ou laboral, a través de diversas actividades.

O Concello de Santiago aporta 60.000 euros para contribuir á labor social que desenvolve a Cociña Económica, unha actividade encomiable por parte da Igrexa Católica e de todas as persoas que traballan alí como voluntarias.

No ano 2016, o edificio foi reformado íntegramente para dar máis espazo ás usuarias/os que, desde a crise económica fan colas para entrar, optando por un sistema de autoservizo que permite atender a máis persoas, pasando duns 70-80 a picos de máis de 200 prazas.

Tendo en conta a climatoloxía de Santiago e o moito que chove, na actualidade faise necesaria a instalación dunha marquesiña que protexa ás persoas que cada día fan cola para acceder ao comedor, achégase imaxe publicada nos xornais na que se aprecia esta necesidade.

En xullo de 2021, o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade unha moción para que, de acordo coa entidade, o Concello dispuxera dunha instalación adecuada na praza do Irmán Gómez para gozarse da chuvia e da calor ás persoas usuarias e para facilitar o labor da entidade.

Posteriormente, a Cociña Económica presentou un proxecto, acompañado dun orzamento para a instalación desta marquesiña, que ascendería a 13.430,20 euros máis iva, que xa foi dictaminado favorablemente pola Comisión Asesora da Cidade Histórica.

Por todo o exposto, é polo que o Grupo Municipal Socialista solicita que o Pleno da Corporación adopte o seguinte

ACORDO:

Que o Goberno estude a forma de financiar a instalación dunha marquesiña na Cociña Económica, sita na praza Irmán Gómez, que tanto necesitan as persoas usuarias deste centro e que demanda a institución benéfica que a xestiona.

CORRECCIÓN ERRO DA ANTERIOR MOCIÓN TRANSCRITA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Advertido un erro na exposición de motivos da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista, relativa á construción dunha instalación externa na Cociña Económica, comunícase que o parágrafo da exposición quedaría como segue:

Posteriormente, a Cociña Económica presentou un proxecto, acompañado dun orzamento para a instalación desta marquesiña, que ascendería a 13.430,20 euros máis iva, que require segundo a ponencia técnica dalgúha modificación.

Consecuentemente, o **ACORDO** debe modificarse e dicir:

Que o Goberno retome o proxecto de instalación dunha marquesiña na Cociña Económica, sita na praza Irmán Gómez, que tanto necesitan as persoas usuarias deste centro e que demanda a institución benéfica que a xestiona e que estuden a

forma de financeiro.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO CAMPO DE FÚTBOL “SUSO CONDE” DE VILLESTRO

O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para que o Concello de Santiago proceda á renovación do céspede do campo de fútbol “Suso Conde” de Villestro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Campo de fútbol “Suso Conde” de Villestro foi remodelado en 2011, está destinado á práctica de fútbol e fútbol 8, e conta desde aquela con catro vestiarios, unha zona central para cantina e aseos, unha grada cuberta, con capacidade para 150 persoas e céspede artificial.

En xuño de 2022, o clube e o concello homenaxearon ao que foi o seu presidente durante moitos anos, Suso Conde, poñéndolle ao campo o seu nome despois de acordalo por unanimidade o Pleno da Corporación.

Hoxe, máis de 300 nenas e nenos deste clube usan diariamente esta infraestrutura deportiva e o estado do seu céspede está moi deteriorado, como nos din eles, “están a xogar sobre o caucho”, co risco que conleva para posibles lesión en idades moi tempranas. Ademais, debemos ter en conta que o vindeiro ano, Santiago acollerá previsiblemente os xogos do Eixo Atlántico polo que as instalación deportivas deberán estar nas mellores condición posibles.

Na visita que realizou o portavoz socialista a pasada semana, comprobou tamén a necesidade de instalar redes nos laterais do campo para evitar molestias ás casas adxacentes e foron moitas nais e pais as que lle demandaron a posibilidade de acondicionar como aparcamento a parcela anexa para dar servizo ao propio campo, ou para outros usos deportivos.

Así mesmo, hai poucos días enterámonos de que Europa vai prohibir, a partir de 2030, os campos de fútbol de herba co sistema actual de caucho debido ás emisións de microplásticos ao medio ambiente polo que debéramos abordar xa esta mellora con outro céspede.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Que nos vindeiros orzamentos municipais se reserve unha partida para a renovación do céspede do campo de fútbol “Suso Conde” de Villestro.
2. Que, á maior brevidade posible, se instalen unhas redes laterais para evitar molestias nas casas adxacentes.
3. Que o goberno estude a posibilidade de acondicionar a parcela adxacente para aparcamento ou para outros usos deportivos complementarios.

MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, DO PSdeG-

PSOE E DE CA PARA INSTAR A XUNTA A ASUMIR O INVESTIMENTO DO NOVO APARCADOIRO DO CHUS E A MELLORA DA MOBILIDADE NO RECINTO DO SERGAS

Os grupos municipais de BNG, PSOE e CA, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presentan a seguinte moción para instar a Xunta a asumir o investimento da construción do novo aparcadoiro do CHUS, tendo en conta que se trata dun equipamento de ámbito supramunicipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrutura organizativa de xestión integrada do Sergas para a área sanitaria de Santiago – O Barbanza inclúe unha poboación superior aos 450.000 habitantes de 46 concellos da área de influencia das provincias da Coruña e de Pontevedra, onde Santiago representa o 22% da poboación.

Por tanto, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) é un equipamento sanitario de ámbito supramunicipal e correspóndelle á Xunta a súa dotación e xestión, garantindo os estándares de calidade e integración urbana.

A mobilidade no interior do recinto, propiedade do SERGAS, é responsabilidade da Xunta de Galicia, polo tanto a ordenación do tráfico ou a distribución en zonas para persoas usuarias e persoal son da súa competencia.

O estudo de mobilidade elaborado pola propia Xunta de Galicia, indica a necesidade de pór en marcha un plan de mobilidade sustentable para as persoas empregadas no complexo hospitalario, previsto como obrigatorio no anteproxecto de Lei de mobilidade, cun servizo de transporte colectivo para profesionais sanitarios, xa que ocupan o 80% das prazas do aparcadoiro público en horario matinal, e dinamizar a súa zona reservada que mantén prazas libres. De acordo con ese plan, o Sergas debe facilitarlle ao seu persoal unha oferta de prazas suficiente e razoable cando se implanten as medidas de sustentabilidade que lle corresponden coa ampliación das instalacións.

Tamén a Xunta debe incrementar as frecuencias e mellorar o servizo para propiciar o uso do transporte colectivo metropolitano para as máis de 450.000 persoas usuarias e visitantes potenciais procedentes dos 46 concellos da área sanitaria Compostela-O Barbanza. No propio estudo da Xunta determínase que tan só unha media de 340 persoas diarias utilizan o bus interurbano para desprazarse ao hospital clínico.

Pola súa parte, o Concello, no seu novo plan de transporte vai abordar tamén medidas de reforzo das conexións e das frecuencia do transporte urbano para dar un mellor servizo para o persoal e para as persoas usuarias do hospital.

De cara ao futuro, coa obra de ampliación do complexo hospitalario, que foi adxudicada por 70.545.891 euros e cun prazo de execución de 42 meses, coa previsión de comezar en maio de 2024, a superficie construída incrementarase en 32.000 metros cadrados, o que supón un 30% sobre a actual. Aumentarán, así, as necesidades de transporte e de zonas de estacionamento para profesionais, doentes e acompañantes coa creación de cinco unidades de hospitalización e unha de hematoloxía, cun total de 208 camas, sete quirófanos máis e o hospital de día, que sumará 50 profesionais, así como as unidades de mama, endoscopias e espazo para as consultas externas e urxencias pediátricas.

Ademais da ampliación das instalacións do complexo hospitalario, está prevista a construción dun centro de protonterapia, que incrementará a afluencia de persoas á zona e, en consecuencia, os desprazamentos e as necesidades de estacionamento, que xa son deficitarias na actualidade. Este Centro de Protonterapia de Galicia, de perto de 3.700 metros cadrados, ten disposto traballar en rede e darlles acceso a profesionais da radiofísica da contorna. Así, poderá atender pacientes procedentes de Asturias, de Castela León e mesmo de Portugal, o que redunda no seu carácter supramunicipal.

Nese sentido, cómpre planificar e desenvolver actuacións de cara ao curto e ao longo prazo.

Con carácter inmediato, mentres duren as obras de ampliación do complexo hospitalario e de construción do centro de protonterapia, urxe paliar a situación que se vai producir pola redución de prazas de estacionamento. Con este fin, alén do aparcadoiro provisional que a obra de protonterapia prevé acondicionar, deben estudarse novas localizacións para ofrecer espazos de estacionamento ás persoas usuarias, ao que o Concello podería contribuír prestando os terreos se fose necesario.

No que atinxe ao recinto interno do hospital, que é propiedade da Consellería de Sanidade e, por tanto, non pertence ao dominio público do Concello de Santiago, a Xunta de Galicia ten a obriga de garantir unha adecuada ordenación do uso dos espazos e da mobilidade. Neste sentido, tanto durante as obras como de cara ao futuro, é imprescindible dotar servizos de transporte para o seu propio persoal que, tal como se desprende do estudo de mobilidade, ocupa unha alta porcentaxe das prazas de aparcamento.

Por outra parte, de cara ao futuro, o conxunto da intervención debe alcanzar unha adecuada calidade e integración urbana, para o que desde o Concello de Santiago se aposta por desenvolver a ordenación de toda a zona circundante mediante a figura de planeamento que resulte máis acaída para integrar o complexo hospitalario nunha contorna de calidade, arborada e con espazo tamén para estacionar, e por colaborar neste obxectivo.

No marco desta colaboración, nos mandatos anteriores o Concello comprometeu a achega dunha parcela situada a carón do CIMUS e a menos de 150 m da entrada do hospital, valorada en 6.475.000 euros, onde se pode dotar un aparcadoiro de máis de 400 prazas. A isto súmanse tamén os terreos que cómpre expropiar para a construción da glorieta da confluencia de Volta do Castro coa travesa da Choupana, cun valor de taxación de 261.720 euros que asume o Concello, mais a exención da taxa de licenza e a bonificación do 95% do ICIO estimada en 1.905.000 euros. A contabilización destes compromisos xa adquiridos alcanza xa a suma de 8.641.720 euros.

A Xunta anunciou a intención de construír un aparcadoiro de 18 millóns de euros dentro da propia parcela do complexo hospitalario, da súa exclusiva propiedade e xa cun altísimo grao de ocupación, para o que lle reclama unha achega extraordinaria de 4,3 millóns de euros ao Concello, ademais de bonificacións para a execución da obra. Alén do estraño que resulta esixirlle ao Concello unha cantidade para resolver unha obriga da propia promotora e dentro do seu terreo, onde se supera con moito a edificabilidade razoable e permitida, esta cifra non ten en conta un criterio de ponderación, xa que a poboación de Santiago representa o 22% do conxunto dos 46 concellos da área sanitaria, o que supón un agravio para a veciñanza compostelá co

investimento da administración galega.

Por estes motivos, propónse ao Pleno do Concello que adopte os seguintes acordos:

1. Instar a Xunta a pór en marcha o plan de mobilidade sustentable para as persoas empregadas no complexo hospitalario para facilitarlles transporte colectivo e unha oferta suficiente de estacionamento, co fin de que se manteñan prazas a dispor de doentes e de acompañantes.
2. Instar a Xunta a acondicionar espazos alternativos de aparcamento provisionais que desaparecerán en canto se dispoña de solucións definitivas.
3. Instar a Xunta a abordar conxuntamente co Concello a ordenación urbanística da contorna para resolver os problemas de accesibilidade e mobilidade á vez que se mellora a calidade da integración do complexo hospitalario a trama urbana.
4. Instar a Xunta a asumir o investimento da construción do novo aparcadoiro do complexo hospitalario, tendo en conta que se trata dun equipamento sanitario de ámbito supramunicipal.”

Foron presentadas emendas ás mocións sobre a cociña económica e sobre o campo de fútbol de Vilestro, que non foron aceptadas.

Os acordos adoptados en relación ás mocións tratadas son os que a continuación se transcriben:

Con respecto á moción formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa aos ataques ás sedes socialistas, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1. Condenar os ataques contra as sedes socialistas, así como as ameazas, insultos e ataques aos seus membros.
2. Pedir que se poña fin aos discursos de odio que fomenten comportamentos hostís contra os partidos políticos democráticos e os seus membros.
3. Mostrar o seu apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no cumprimento efectivo das súas funcións e na defensa da orde pública constitucional.

Faise un receso cando son as 14:25 horas. Continúa a sesión as 16:30 horas.

No tocante á moción formulada polo PP para a realización de diversas actuacións que melloren os servizos dos veciños do Rial de Conxo, o Pleno a Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda que o Goberno local realice as xestións pertinentes para:

Primeiro.- Que se leve a cabo actuacións para a mellora da rede de recollida de pluviais nas rúas da Decoita e Rial de Conxo.

Segundo.- Que os contedores de lixo recuperen a súa localización inicial, sita na rúa Rial de Conxo.

Terceiro.- Que se traslade a marquesiña de transporte urbano ao lugar no que realiza a parada o autobús na rúa Poza Real de Arriba.

Cuarto.- Que se realicen melloras no firme das rúas da Decoita e do Rial de Conxo.

Con respecto á moción formulada polo grupo municipal do PP para a mellora da sinalización de monumentos, establecementos turísticos e trazados do camiño de Santiago na cidade, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE), acorda que o Goberno local realice as accións oportunas para:

Primeiro.- Que se indiquen cunha nova e adecuada sinalización os monumentos da nosa cidade.

Segundo.- Que se melloren os sinais do percorrido dos diferentes trazados do Camiño de Santiago na cidade para que os peregrinos teñan unha sinalización máis correcta destas rutas.

Terceiro.- Que se adapten os nomes dos establecementos hoteleiros á realidade actual xa que algún está pendente de cambio desde fai moitos anos.

Na moción formula polo grupo municipal do PP para a reactivación do programa do Banco de tempo, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a reactivación do programa “Banco de tempo” como instrumento de cohesión social e xerador dunha relación social comunitaria vertebradora de redes de coñecemento e apoio mutuo e colaborativo entre as persoas.

Con respecto á moción formulada polo grupo municipal do PP para a adopción de medidas de dinamización dos locais comerciais baleiros e para evitar o peche doutros, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Que o Goberno local cree un Censo de locais comerciais baleiros, con indicación dos datos e características mais importantes para a súa explotación comercial.

Segundo.- Que o Concello habilite as medidas necesarias para favorecer o relevo xeracional e intentar a continuidade dos negocios economicamente viables pero cuxos propietarios están próximos á xubilación.

Terceiro.- Que dende o Concello se cree un mecanismo que facilite a comunicación e relación entre propietarios dos locais comerciais e as persoas emprendedoras que queiran establecer a súa actividade comercial na nosa cidade.

Na moción formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á construción dunha instalación externa na cociña económica, na praza Irmán Gómez, para protexer da chuva e da calor ás persoas usuarias do centro, coa corrección á parte resolutive presentada polo grupo municipal propoñente e á que, así mesmo, tamén presentou

emenda o grupo municipal do PP que foi rexeitada, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que o Goberno retome o proxecto de instalación dunha marquesiña na cociña económica, situada na praza Irmán Gómez, que tanto necesitan as persoas usuarias deste centro e que demanda a institución benéfica que a xestiona e que estuden a forma de financialo.

No tocante á moción formulada polo PSdeG-PSOE relativa ao campo de fútbol “Suso Conde” de Vilvestro, á que formularon emenda os grupos municipais do BNG e CA, que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1. Que nos vindeiros orzamentos municipais se reserve unha partida para a renovación do céspede do campo de fútbol “Suso Conde” de Vilvestro.
2. Que, á maior brevidade posible, se instalen unhas redes laterais para evitar molestias nas casas adxacentes.
3. Que o goberno estude a posibilidade de acondicionar a parcela adxacente para aparcamento ou para outros usos deportivos complementarios.

Con respecto á moción conxunta formulada polos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA para instar a Xunta a asumir o investimento do novo aparcadoiro do CHUS e a mellora da mobilidade no recinto do SERGAS, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (6 BNG, 6 PSdeG-PSOE e 2 CA) e 11 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Instar a Xunta a pór en marcha o plan de mobilidade sustentable para as persoas empregadas no complexo hospitalario para facilitarlles transporte colectivo e unha oferta suficiente de estacionamento, co fin de que se manteñan prazas a dispor de doentes e de acompañantes.
2. Instar a Xunta a acondicionar espazos alternativos de aparcamento provisionais que desaparecerán en canto se dispoña de solucións definitivas.
3. Instar a Xunta a abordar conxuntamente co Concello a ordenación urbanística da contorna para resolver os problemas de accesibilidade e mobilidade á vez que se mellora a calidade da integración do complexo hospitalario a trama urbana.
4. Instar a Xunta a asumir o investimento da construción do novo aparcadoiro do complexo hospitalario, tendo en conta que se trata dun equipamento sanitario de ámbito supramunicipal.

A Alcaldesa pecha a sesión ás 18:33 horas. Dou fe.

